



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 04)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. Jose Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **tres de febreiro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DUNHA ESCULTURA DE BRONCE DO ESCULTOR MIGUEL COUTO. 2022-2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 30 de xaneiro de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Presidente: D. José Domingo Rodríguez Ferreira, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento.

Secretaria da Mesa: Dna. María Del Carmen Dorado Duro, Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

D. Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

D. Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor adxunto, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo.

Dna. Margarita Tarrío Álvarez, Xefa de Sección I de Contratación do Servizo de Contratación e Fomento.



D. Julián Mayor Couceiro, Encargado da Sección de Mantemento, en substitución do Xefe do Servizo de Mantemento da Deputación Provincial de Lugo.

Sendo as 10:35 horas do día 30 de xaneiro do 2023, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa a tales efectos.

Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da subministración dunha escultura de bronce do escultor Miguel Couto.
2022/CON_02/000087

Primeiro.- Apertura de Requirimento de documentación. 2022/CON_02/000087.

Segundo.- Proposta de adjudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2022/CON_02/000087.

Antecedentes:

1. Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BQ2263UN23VOY65N4O3TP4Q.

2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7BQ2RMD4U5V6VKCYNTARHRKA.

3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7BQ2PPDEPIJ3NNW7VH4U2R4E.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BQ2XPDYFOT3EDWNH4KEBRIY.

5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado polo Secretario Xeral, con CSV: IV7BQ2XZEFOOTHUJS764EAAEKE.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7BQ6CPDI4P5C642ENR4FIBOM.

7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7BQ22SDH6YRZOKYUYCAQR64M.

8. Acordo da Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7BQLIKYFB47JNY44UQIASQ6Q.

9. Convites cursados a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 02 de xaneiro de 2023.

10. Consta no expediente identificación do licitadore presentado dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

11. Acta da Mesa de Contratación do día 09 de xaneiro de 2023, con CSV: IV7BS6Z3BUHZ6SBTQQEWF5PECE, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitadore convidados a este procedemento e que presentou a oferta é Miguel Couto.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliábles mediante fórmulas matemáticas ou avaliábles de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliábles automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que o único licitador concorrente oferta ao tipo de licitación, polo que obtén 0 puntos nesta fase.

A mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Miguel Couto. Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP).”



12. Acta da Mesa de Contratación do día 16 de xaneiro de 2023, con CSV: IV7BTTTIDBEORFG66JFVJYHFGQ, na que se recolle o seguinte:

Deuse conta que a mesa de contratación en sesións anteriores, acordou iniciar a Fase de Negociación (Fase 2) de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Tendo en conta que o licitador presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador se compromete a entregar a escultura nun prazo inferior a 1 mes, polo que acada 30 puntos neste criterio, atendendo ao disposto no PCAP.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorga ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
Miguel Couto Coteló	Fase I Oferta presentada: 44.000,00 € (IVE NON ENGADIDO): 0 puntos Fase II. Oferta presentada: Prazo de entrega inferior a 1 mes: 30 puntos TOTAL= Fase I +Fase II :0 puntos+ 30 puntos = 30 puntos

2º.- Requerir a Miguel Couto Coteló, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADOR	IMPORTE GARANTÍA
Miguel Couto Cotelo	2.200,00 €

13. Resolución da Presidencia do día 18 de xaneiro de 2023, con CSV: IV7B4TJ4LQV5WRGSAV7TMNHF64, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP aos mellor clasificados para cada lote.

14. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 20 de xaneiro de 2023.

15. Documentación administrativa presentada a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo o día 24 de xaneiro de 2023.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 30 de xaneiro de 2023, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que o licitador presentou a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente, incorpórase ao expediente certificado da Recadación Provincial de estar ao corrente de débedas.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta, polo que se acorda propoñer que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Outorgar ás empresas licitadoras admitidas a seguinte puntuación e clasificalas atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
MIGUEL COUTO COTELO	30 PUNTOS



2.- Adjudicar á Miguel Couto Cotelo o contrato de adquisición da escultura “los que nos cuidan”, do artista malpicán Miguel Couto, por importe de 44.000,00 euros, aos que deberán engadirse 4.400,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 48.400,00 euros, cun prazo de entrega inferior a un mes.

3.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adjudicación aos efectos oportunos.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Outorgar ás empresas licitadoras admitidas a seguinte puntuación e clasificalas atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
MIGUEL COUTO COTELO	30 PUNTOS

2º.- Adjudicar á Miguel Couto Cotelo o contrato de adquisición da escultura “los que nos cuidan”, por importe de 44.000,00 euros, aos que deberán engadirse 4.400,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 48.400,00 euros, cun prazo de entrega inferior a un mes.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar ao interesado a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO DO CONTRATO DE OBRA LUGO.- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MANTEMENTO DE CANILES E EDIFICACIÓNS EXISTENTES E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS DA PROTECTORA DE ANIMAIS DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes.

Visto o escrito presentado pola mercantil Peralte SA adxudicataria da obra LUGO.- Proxecto básico e de execución de mantemento de caniles e edificacións existentes e ampliación de edificacións e instalacións da Protectora de Animais de Lugo. (EX007OB18AB), que en síntese solicita con data de 26 de xaneiro de 2023 a resolución contractual por mutuo acordo do contrato asinado con data 06/03/2019, que na data actual non se puido executar segundo consta no expediente.

Visto o informe do xefe de servizo de medioambiente con CSV IV7B4O2KPIW4ZTZNSVGUMRQQD4 que informa de xeito favorable a resolución de mutuo acordo cuxo literal se reproduce no informe xurídico emitido polo servizo de contratación e fomento co conforme da secretaría, con CSV IV7B63KINJNKKXON43UW6DXTN4 do seguinte teor literal:

“Visto o escrito presentado pola mercantil Peralte SA adxudicataria da obra LUGO.- Proxecto básico e de execución de mantemento de caniles e edificacións existentes e ampliación de edificacións e instalacións da Protectora de Animais de Lugo. (EX007OB18AB), que en síntese solicita por escrito de 26 de xaneiro de 2023 a resolución contractual por mutuo acordo do contrato asinado con data 06/03/2019.



Consta informe do xefe de servizo de medio ambiente con CSV IV7B4O2KPIW4ZTZNSVGUMRQQD4 no que sinala:

“Antecedentes.

Primeiro.- Con data 26 de xaneiro de 2023, recíbese a través do rexistro xeral da Deputación de Lugo con número 2023RPE001638, solicitude presentada pola mercantil Peralte S.L., na cal reflicte a súa intención de resolver o contrato EX007OB18AB, consistente na execución da Obra de mantemento e execución de ampliación de caniles e edificacións existentes da Protectora de Lugo, do cal é adxudicataria.

Segundo.- O devandito contrato foi formalizado entre a devandita mercantil e a Deputación de Lugo con data 6/03/2019.

Terceiro.- Este contrato atópase pendente de execución por causas alleas tanto á mercantil adxudicataria do mesmo como á Deputación Provincial de Lugo.

Por todo o anteriormente exposto procédese á emisión do seguinte:

Informe.

Ante a solicitude presentada pola mercantil Peralte S.L na cal manifesta a súa intención de acadar a resolución do contrato mediante mutuo acordo de ambas partes implicadas considerase que:

1. As circunstancias que provocaron a non execución do contrato ata o momento, relativas as autorizacións sectoriais con disparidade de criterio por causas alleas a esta Deputación Provincial, e o contratista , mantéñense no tempo facendo precisa adoptar unha decisión, na que a solicitude realizada polo contratista permite extinguir de mutuo acordo o contrato.

2. Ante estas circunstancias que se consideran excepcionais, imprevisibles e alleas tanto á vontade da empresa como da Deputación Provincial, e por elo entendese procedente a resolución

por mutuo acordo instada polo Contratista, non existindo causa de resolución del contrato por causas imputables ao contratista.

4. Considerando que a resolución do contrato que forma parte do expediente EX007OB18AB, non afecta ao interese público, e non dana os intereses de ningún axente externo aos mesmos.

Por todo o anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procedería iniciar as actuacións administrativas procedentes para a resolución do contrato EX007OB18AB mediante mutuo acordo como así o solicita a mercantil Peralte S.L, no seu escrito obxecto deste informe.”

Considerando o anterior e respecto da solicitude de resolución por mutuo acordo compre informar:

Primeira. A Resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, entre as causas previstas están aquelas que se poñen de manifesto no expediente “c) o mutuo acordo entre a Administración e o contratista.”

A resolución por mutuo acordo só pode ter lugar cando non concorra outra causa de resolución do contrato que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato, a verificación de ditos extremos se deriva do informe técnico obrante no expediente.

Segundo os datos obrantes no expediente, e segundo se desprende do informe do servizo de medioambiente, non consta que se teñan iniciado as obras, e polo tanto a execución de actividade algunha que requira operacións de liquidación.

Segundo. A Lexislación aplicable é a seguinte:

Os artigos 211 a 213, 245 e 246 de la Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, LCSP.

Os artigos 109 a 113 do RCAP 1098/2001, de 12 de outubro.



O artigo 114 do TRRL, aprobado por RDL 781/1986, de 18 de abril.

Terceiro. Procedemento xeral.

O procedemento para a resolución dos contratos regúlase, en xeral, no artigo 109 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, que establece o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio. (requisito que se estima cumprimentado ó terse indicado a opción de acudir á extinción do contrato nestes termos polo propio contratista e de xeito subsidiario).

b) Audiencia, no mesmo prazo anterior, do avalista ou asegurador si se propón a incautación da garantía. (ó formularse en termos de mutuo acordo, e polas causas expresadas, non se plantexa a incautación da mesma).

c) Informe do Servizo Xurídico, (trámite que se está a cumprimentar mediante a emisión do presente).

d) Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando se formule oposición por parte do contratista. (non resulta preceptivo ó instarse un mutuo acordo a instancia do propio contratista).

Todos os trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos consideraranse de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

De conformidade co artigo 212.8 da LCSP os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo máximo de oito meses.

Visto o anterior, non restaría por cumprimentar trámite algún respecto da resolución considerada en termos xerais, e baixo a consideración de que dita posibilidade é suscitada polo propio contratista .

Cuarto: Trámites específicos na resolución do contrato de obras. e órgano competente.

Vista a solicitude do contratista, pola unidade xestora, emitiuse informe sobre a mesma.

Iniciado o expediente por invocación da súa posibilidade por parte do contratista, e previo o informe xurídico e no seu caso da intervención, procede pronunciamento do órgano de contratación en aras de resolver o contrato de obras.

A Xunta de Goberno actuará como órgano de contratación competente para a resolución do contrato segundo o artigo 59.b 12 do ROP, resolverá o procedemento; debendo notificarse ós interesados dito acordo con comunicación dos recursos correspondentes.

A citada resolución, a tenor do establecido no artigo 213.5 de la LCSP, conterà pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, houbera sido constituída, sen que consten motivos no expediente que impidan a súa devolución.

Quinto: En canto ós efectos da resolución.

Conforme o artigo 246 de la Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como consecuencia da resolución do contrato procederá a comprobación, medición e liquidación das obras realizadas con arranxo ao proxecto, fixando os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista.

Neste caso, e no que se refire ós efectos do mutuo acordo, considerando que non se iniciaron as obras e vistos os antecedentes e lexislación aplicable, a resolución implicaría a extinción do contrato coa devolución do aval na medida que non consta no expediente motivo para a súa retención.

Conclusión:

Visto o anterior considerando os aspectos procedimentais e competenciais respecto da resolución por mutuo acordo, así como os aspectos técnicos no informe emitido polo servizo de



medioambiente, informase de xeito favorable a resolución nos termos do presente, debendo someterse á preceptiva fiscalización.”

Consta asimesmo fiscalización de conformidade pola Intervención Provincial con CSV IV7B67BCCB6NTCF5TUAR4RKGEU.

Considerando os antecedentes e informes sinalados, propoño á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Resolver por mutuo acordo o contrato administrativo da obra LUGO.- Proxecto básico e de execución de mantemento de caniles e edificacións existentes e ampliación de edificacións e instalacións da Protectora de Animais de Lugo.

2º.- Proceder á devolución da garantía definitiva depositada por Peralte SA., como contratista da referida obra por importe de 11.168,28€,€ que consta depositada con rexistro de 13/02/2019 en documento con número de operación 320190000630. Sen que proceda a liquidación de outras obrigas segundo se desprende dos informes, e documentación obrante no expediente ó non terse executado obras .

3º.- Notificar o acordo a Peralte SA., así como ó Concello de Lugo.

4º.- Dar traslado do presente ó Servizo de contratación, á dirección facultativa, e a Intervención Provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Resulta obriga de tódolos poderes adjudicadores elaborar e publicar un Plan anual de contratación.

Con data 7 de decembro de 2022 remitiuse aos diversos Servizos e Unidades desta Deputación unha solicitude de datos que permita elaborar dito plan, que resulta obrigatorio aos efectos do previsto no artigo 28.4 da LCSP 9/2017 de 8 de novembro.

Téñense recabado os seguintes datos:

SERVIZO	OBXECTO DO CONTRATO	CLASIFICACIÓN CPV	TIPO DE CONTRATO	PRESUPOSTO ANUAL (sen IVE)
RECURSOS HUMANOS	Contratación do soporte e mantemento do sistema software de xestión dos recursos humanos	72540000-2	SUBMINISTROS	90.969,00
TURISMO	Patrocinio do festival de música Resurrection Fest 2023	79341000-6	SERVIZOS	123.966,94
SERVIZO DE PUBLICACIÓNS E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	Prestación de servizos de edición completa do servizo de publicacións da Deputación provincial de Lugo.	79800000-2	SERVIZOS	57.000,00
SERVIZO DE PUBLICACIÓNS E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	Contratación dos servizos de impresión e servizos conexas do servizo de publicacións da Deputación provincial de Lugo	79800000-2	SERVIZOS	57.000,00
PARQUE MÓBIL	Subministro vehículos e maquinaria	34134200-7	SUBMINISTROS	250.413,22
PARQUE MÓBIL	Reparación e mantemento de Maquinaria e camiós	5011-0000-9	SERVIZOS	44.628,10
SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	Reparacións/mantemento equipamento técnico	4290000-2	SERVIZOS	30.000,00
SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	Compra cámara 4k de alta definición	31640000-4	SUBMINISTROS	30.000,00
MANTEMENTO	Adquisición material eléctrico.	31000000-6	SUBMINISTROS	26.250,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	Contratación para a adecuación da zona de almacenamento de forraxos na granxa gayoso castro da Deputación provincial de Lugo	45212340-7	OBRAS	50.000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	Contratación para a regularización das acometidas eléctricas da granxa gayoso castro da Deputación provincial de Lugo	45310000-3	OBRAS	50.000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	Contratación para a adquisición dun tanque distribuidor de puríns de 16.000l de capacidade e sistema de localización de produto para a granxa gayoso castro da Deputación provincial de Lugo	16000000-5	SUBMINISTROS	120.000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	Contratación para a redacción do proxecto da nave de oficinas e área para o persoal traballador da granxa gayoso castro da Deputación provincial de Lugo	71242000-6	SERVIZOS	50.000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	Contratación para a redacción e execución do proxecto integral de valorización de puríns da granxa gayoso castro da Deputación provincial de Lugo	45222100-0 71242000-6	OBRAS, SERVICIOS	60.000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	Contratación para o proxecto de mellora da eficiencia dos sistemas de rego nas parcelas da granxa gayoso castro da Deputación provincial de Lugo	45232121-6	OBRAS	50.000,00
MANTEMENTO	Prestación de servizos para videovixilancia, detención de intrusión., control de acceso baseados en lectura de matriculas e motorización de portales e reixas existentes nos diferentes centros dependentes da Deputación provincial de Lugo	32323500-850610000-4	SERVIZOS	66.848,62
DEPORTES	Patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /provincia de Lugo. Cb breogán sad disciplina baloncesto. Anualidade 2023	79341000-6	SERVIZOS	305.000,00



DEPUTACIÓN DE LUGO

SERVIZO	OBXECTO DO CONTRATO	CLASIFICACIÓN CPV	TIPO DE CONTRATO	PRESUPOSTO ANUAL (sen IVE)
DEPORTES	Patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /provincia de Lugo. Cd Lugo sad disciplina fútbol. Anualidade 2023	79341000-6	SERVIZOS	610.000,00
DEPORTES	Patrocinio publicitario deportivo do evento deportivo ciclismo "o gran camiño" 2023	79341000-6	SERVIZOS	100.000,00
COMUNICACIÓN	Contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo.	79341000-6 79341000-6 79341200-8 79341400-0	SERVIZOS	1.487.603,31
XESTIÓN TRIBUTARIA, RECADACIÓN E INSPECCIÓN	Prestación dos servizos complementarios de apoio e asistencia técnica ás funcións da inspección tributaria, as cales levaranse a cabo pola Deputación Provincial de Lugo en materia do imposto de actividades económicas (iae), así como cantas actuacións deriven do mesmo	79221000-9	SERVIZOS	250.000,00
NOVAS TECNOLOXÍAS	Contratación da subministración de equipamento e material informático para a racionalización dos postos de traballo da Deputación de Lugo	30213000-5 30213100-6 30237000-9 30236000-2	SUBMINISTROS	60.000,00
NOVAS TECNOLOXÍAS	Adecuación o esquema nacional de interoperabilidade y mellora da eficiencia dos servizos básicos de administración dixital dos Concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade supramunicipais	72000000-5	SERVIZOS	245.454,54
NOVAS TECNOLOXÍAS	Concellos da provincia de Lugo resilientes e creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos os cidadáns	30213000-5 30213100-6 30237000-9 30236000-2	SUBMINISTROS	1.067.310,60
NOVAS TECNOLOXÍAS	Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos Concellos da provincia de Lugo.	32320000 48000000-8 72200000-7	SUBMINISTROS	1.560.107,44
NOVAS TECNOLOXÍAS	Democratización en el acceso a la información de las vías intermunicipais de la provincia de Lugo e sistema de apoio a toma de decisións	48810000-9 38221000-0 72220000-3 71354100-5	SUBMINISTROS, SERVICIOS	2.867.768,60
MANTEMENTO	Subministro de material eléctrico para levar a cabo a súa labor de manter os edificios e instalacións cos que conta a Deputación provincial pola provincia de Lugo.	31000000-6	SUBMINISTROS	25.000,00
NOVAS TECNOLOXÍAS	Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes y accesibles	72220000-3, 72416000-9	SUBMINISTROS, SERVICIOS	436.363,63
MANTEMENTO	Servizo de mantemento dos sistemas de videovixilancia, control de acceso e detección de intrusión da Deputación provincial e dos edificios pertencentes a ela na provincia	3232500-8 50610000-4	SERVIZOS	35.800,00
ARQUITECTURA	Construción do centro de atención a maiores de Portomarín	45215000-7	OBRAS	1.602.513,34
ARQUITECTURA	45215000-7onstrución do centro de atención a maiores de Pobra do Brollón	45215000-7	OBRAS	1.588.498,69
ARQUITECTURA	Construción do centro de atención a maiores de Folgoso do Courel	45215000-7	OBRAS	2.520.536,49
ARQUITECTURA	Acondicionamento dos vestiarios da escola de piragüismo	45262500-6	OBRAS	153.580,78
ARQUITECTURA	Ampliación do ximnasio da escola de piragüismo	45000000-7	OBRAS	160.000,00
ARQUITECTURA	Acondicionamento da capela de santa maría	45212000-6	OBRAS	300.000,00
ARQUITECTURA	Cambio de cuberta no pazo dos deportes	45261210-9	OBRAS	250.000,00
ARQUITECTURA	Pintura exterior no pazo de tor	45440000-3	OBRAS	50.000,00
ARQUITECTURA	Pintura interior en San Paio de Narla	45440000-3	OBRAS	30.000,00
ARQUITECTURA	Adecuación de instalacións de protección contra incendios no pazo provincial	50413200-5	OBRAS	126.338,19
ARQUITECTURA	Adecuación de instalacións de protección contra incendios no museo provincial	50413200-5	OBRAS	80.000,00
ARQUITECTURA	Adecuación de instalacións de protección contra incendios no edificio miño	50413200-5	OBRAS	80.000,00
ARQUITECTURA	Sectorización térmica do pazo provincial	50720000-8	OBRAS	18.600,00
ARQUITECTURA	Subsanación de deficiencias detectadas nas instalacións de electricidade	45310000-3	OBRAS	40.000,00

SERVIZO	OBXECTO DO CONTRATO	CLASIFICACIÓN CPV	TIPO DE CONTRATO	PRESUPOSTO ANUAL (sen IVE)
ARQUITECTURA	Subsanación de deficiencias detectadas nas instalacións térmicas	50720000-8	OBRAS	100.000,00
ARQUITECTURA	Subsanación de deficiencias detectadas nas instalacións de protección contra incendios	50413200-5	OBRAS	100.000,00
ARQUITECTURA	Mantemento das instalacións térmicas	50720000-8	SERVIZOS	60.000,00
ARQUITECTURA	Mantemento e conservación de edificios	45262500-6	SERVIZOS	116.635,49
VÍAS E OBRAS	Mellora das vías de titularidade provincial	45233223-8	OBRAS	5.217.716,79
MEDIO AMBIENTE	Recuperación mediante bioenxeñería das marxes do río rato	45214600 33152000 45214610	OBRAS	75.000,00
PARQUE MÓBIL	Subministro emulsión asfáltica	44113600	SUBMINISTROS	1.000.000,00
MEDIO AMBIENTE	Construción dun parque infantil no paseo do río rato	45112723-9	OBRAS	45.000,00
MEDIO AMBIENTE	Proxecto de revisión e sinalización de distintas rutas de sendeirismo	45112700-2 45100000-8 92000000-1	OBRAS	50.000,00
MEDIO AMBIENTE	Mantemento e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do paseo do río rato	71313000-5	SERVIZOS	102.825,00
COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS	Plan de sinalización de asentamentos poboacionais nos concellos da provincia	34928470-3	SUBMINISTROS	165.289,26
COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS	Bases de datos para concellos	79980000-7	SUBMINISTROS	20.885,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	Instalacións térmicas CAMS	50700000	SERVIZOS	50.000,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	Mantemento instalacións incendios CAM	50413200-5	SERVIZOS	30.000,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	Control e prevención de leixonosis e ddd dos CAMS	90920000 90900000 90921000	SERVIZOS	25.000,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	Servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal	98332000-9	SERVIZOS	70.000,00
CONTRATACIÓN	Contrato de seguro Agroseguro ganado vacún	66510000-8	SERVIZOS	14.349,79

As referencias xenéricas engloban un conxunto de diferentes obxectos contractuais, que por sistemática se amparan baixo una denominación común dacordo co crédito habilitado na partida orzamentaria que respectiva, e que se contratan en función das necesidades ou segundo programación de cada unidade xestora, de tal xeito que seguirán o procedemento que corresponda coa súa tipoloxía, orzamento, obxecto e recorrencia temporal.

A referencia a cada un dos obxectos contractuais de xeito individualizado ou conxunto deberá de seguir no momento da súa contratación os principios e procedementos da Lei de Contratos do Sector Público, normativa de execución orzamentaria e calquera outra que resulte de aplicación con independencia da denominación outorgada por cada unidade xestora e que se plasma no seguinte plan anual de contratación.



Por canto antecede, propono á Xunta de Goberno Local na consideración da súa condición de órgano de contratación para aprobación dos expedientes de contratación así como no exercicio súas funcións de asistencia á presidencia que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan anual de contratación para o ano 2023, da Deputación Provincial de Lugo, no que se recollen as previsións de contratación da Deputación no citado exercicio. Todo iso condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes, a tramitación dos expedientes de contratación e o mantemento das necesidades que motivan a súa previsión no Plan anual de contratación 2023.

2º.- Publicar o plan anual de contratación para o ano 2023 na Plataforma de Contratación del Sector Público e no Portal de transparencia desta Deputación.

3º.- Publicar no seu caso o anuncio de información previa, de conformidade co establecido no artigo 134.2 da LCSP en relación co artigo 28.4 dos contratos suxeitos a regulación harmonizada previstos, unha vez completen os Servizos os datos que requira dito anuncio previo.

4º.- Dar traslado deste acordo ao Servizo de Intervención e ao Servizo de Contratación e Fomento e demais servizos implicados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5802 “Porto - O Casar- Córneas (LU-P-4102)”, P.K. 0+000 a 3+385 e LU-P-5805 “Segán (LU-611) – San Vitorio (LU-P-5802)”, P.K. 0+000 a 0+939.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5802 “Porto - O Casar - Córneas (LU-P-4102)”, P.K. 0+000 a 3+385 e LU-P-5805 “Segán (LU-611) – San Vitorio (LU-P-5802)”, P.K. 0+000 a 0+939, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, redactado polo Enxeñeiro D. Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7B4OJJZMHY7HVCBVYH7330AQ.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7B4OJIFR6J7SOZZR445YTWAE.
4. Acta de Reformulo Previo, de data 30 de xaneiro de 2023.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7B5SHKYBOZVTB3RVMNKYS64E.
6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7B6XLYBF7P5ZPNWNIVNZKPII.
8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7B6XL6KAUZVDB6RUPMIQXCP4.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5802 “Porto – O Casar – Córneas (LU-P-4102)”, P.K. 0+000 a 3+385 e LU-P-5805 “Segán (LU-611) – San Vitorio (LU-P-5802)”, P.K. 0+000 a 0+939, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os



cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 197.452,51 €, dos cales 34.268,62 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS POR EMERXENCIA DE DIVERSAS OBRAS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación coa actuación por emerxencia da obra de BALEIRA.- Restitución do sostemento da estrada LU-P-0406, P.K. 2+700.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe de data 25/01/2023, ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“A principios do presente mes de xaneiro, como consecuencia das fortes precipitacións ocorridas nos días anteriores, produciuse unha rotura no noiro do terraplén que sostén a estrada LU-P-0406, denominada “Martín (LU-P-5401)-Crende (LU-P-4606)”, no entorno do seu p.q. 2+700, no termo municipal de Baleira. A dita rotura compromete a estabilidade do noiro e, en consecuencia, a integridade da estrada.

Á vista da situación descrita e polo manifesto risco que supón para os usuarios da vía, procedeuse, ao balizamento da marxe afectada, estreitando a calzada para evitar que os vehículos circulen sobre a zona máis danada. Con todo, de non actuar con rapidez, é probable que se produza unha nova rotura que afecte a parte da calzada.



Fotografía 1: Vista da rotura en sentido Martín-Crende



Fotografía 2: Vista da rotura en sentido Crende-Martín



Para evitar novas roturas e para garantir a seguridade da circulación, faise preciso acometer con carácter inmediato as actuacións precisas para restituir o sostemento da estrada nese treito, con garantía de estabilidade.

Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional e que supoñen grave perigo, propónse tramitar o expediente de contratación por emerxencia segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), executando as obras coa colaboración dun empresario particular –de conformidade co artigo 30.1 da LCSP- xa que a Deputación de Lugo non conta cos medios materiais nin persoais necesarios. O artigo 30.4 da LCSP dispón que nestes supostos, a selección do empresario colaborador non estará suxeita ao establecido no artigo 131 do devandito texto legal, non contemplándose na LCSP ningún procedemento de selección.

A falta dunha regulación para a selección do empresario colaborador nos supostos de emerxencia e, en base ao establecido no artigo 120 da LCSP onde se dispón que o órgano de contratación poderá contratar libremente o obxecto do contrato sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na propia lei, propónse encomendar a realización dos traballos ao vixente contratista adxudicatario da conservación da rede viaria provincial na zona, Grupo Bascuas 2008, S.L., xa que se considera que esa mercantil dispón de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata.

O artigo 176 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RGLCAP) establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, entre outras, poderán realizarse conforme ás seguintes modalidades:

- a) Mediante o sistema de custo e costas.
- b) Contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Aos efectos de control e seguimento dos traballos executados considérase máis adecuada para a Deputación de Lugo, a segunda das modalidades, polo que se propón a súa adopción. En

caso de adoptarse esta modalidade e, con suxeición ao establecido nos apartados primeiro e cuarto do artigo 178 do RGLCAP (a natureza das obras non permite a fixación previa dun prezo certo xa que dependerá da profundidade á que apareza terreo competente para cimentar), estímase o orzamento que figura como anexo 1 a este informe. Ademais, acompáñase un segundo anexo no que se detallan as condicións ás que deberá suxeitarse a execución das obras. En todo caso, unha vez rematadas as obras, deberá redactarse a documentación técnica descritiva (art. 174 do RGLCAP) que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RGLCAP e, en base ao cal, liquidaranse as obras mediante relación valorada (art. 179 do RGLCAP)”.

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...).

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”

Segundo.- Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou o “o balizamento da marxe afectada, estreitando a calzada para evitar que os vehículos circulen sobre a zona mais danada...”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.



Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. Darío Ferreiro Otero, por importe de 129.010,82 euros, dos cales 22.390,31€ correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra.

Terceiro.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

Cuarto.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Conclusión.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a execución da obra de BALEIRA.- Restitución do sostemento da estrada LU-P-0406, P.K. 2+700, como consecuencia das fortes precipitacións ocorridas nos días anteriores, produciuse unha rotura no noiro do terraplén que sostén a estrada LU-P-0406, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras, ordeando á empresa Grupo Bascuas 2008 SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 129.010,82€, IVE incluído, ao cal prestou a súa conformidade, e liquidándose a súa terminación mediante relación valorada (artigo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP), formulándose pola Área de Xestión Territorial as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír o sostemento da estrada nese treito, con garantía de estabilidade.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de BALEIRA.- Restitución do sostemento da estrada LU-P-0406, P.K. 2+700, como consecuencia das fortes precipitacións ocorridas nos días anteriores, produciuse unha rotura no noiro do terraplén que sostén a estrada LU-P-0406, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 129.010,82€ euros, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Grupo Bascuas 2008 SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 129.010,82€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.



3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír o sostemento da estrada nese treito, con garantía de estabilidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación coa actuación por emerxencia da obra de A FONSAGRADA.- Substitución de obra de paso sobre o río do Castelo na LU-P-0408, P.K. 3+500.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:


“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe de data 25/01/2023 ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Recentemente aconteceu o colapso da obra de paso sobre o río do Castelo na estrada provincial LU-P-0408, denominada “Córneas (LU-P-0401) – Freixo – A Lastra (LU-530)”, no entorno do p.q. 3+500, no termo municipal de A Fonsagrada. Como consecuencia directa de dito fallo desapareceu a calzada e o recheo sobre o que se asenta a mesma neste punto quilométrico da estrada. Doutra banda o recheo da calzada nas zonas aledañas quedou exposto á acción erosiva da

auga que discorre polo cauce do río do Castelo, o que compromete gravemente a estabilidade da parte da calzada que aínda se conserva.

Á vista da situación descrita e polo manifesto risco que supón para os usuarios da vía, procedeuse, o mesmo día, ao peche total da estrada neste tramo, balizándose a tal efecto.

Nas seguintes fotografías, pode apreciarse a situación na que quedaron a obra de paso e a estrada no tramo afectado:



Para restituir a circulación en condicións de seguridade e para evitar a socavación dos recheos nos tramos adxacentes, faise preciso acometer con carácter inmediato as actuacións precisas para substituír a devandita obra de paso.

Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional e que supoñen grave perigo, propónse tramitar o expediente de contratación por emerxencia segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), executando as obras coa colaboración dun empresario particular –de conformidade co artigo 30.1 da LCSP- xa que a Deputación de Lugo non conta cos medios materiais nin persoais necesarios. O artigo 30.4 da LCSP dispón que nestes supostos, a selección do empresario colaborador non estará suxeita ao establecido no artigo 131 do devandito texto legal, non contemplándose na LCSP ningún procedemento de selección. A falta dunha regulación para a selección do empresario colaborador nos supostos de emerxencia e, en base ao establecido no artigo 120 da LCSP onde se dispón que o órgano de contratación poderá contratar libremente o obxecto do contrato sen suxeitarse aos



requisitos formais establecidos na propia lei, proponse encomendar a realización dos traballos á empresa Hermanos Pico Yáñez S.L., dada a dispoñibilidade para acometer as obras de maneira inmediata.

O artigo 176 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RGLCAP) establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, entre outras, poderán realizarse conforme ás seguintes modalidades:

a) Mediante o sistema de custo e costas.

b) Contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Aos efectos de control e seguimento dos traballos executados considérase máis adecuada para a Deputación de Lugo, a segunda das modalidades, polo que se propón a súa adopción. En caso de adoptarse esta modalidade e, con suxeición ao establecido nos apartados primeiro e cuarto do artigo 178 do RGLCAP (a natureza das obras non permite a fixación previa dun prezo certo xa que dependerá das dimensións do terraplén da estrada finalmente erosionado polo paso da auga), estímase o orzamento que figura como anexo 1 a este informe. Ademais, acompáñase un segundo anexo no que se detallan as condicións ás que deberá suxeitarse a execución das obras. En todo caso, unha vez rematadas as obras, deberá redactarse a documentación técnica descritiva (art. 174 do RGLCAP) que incluíra o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RGLCAP e, en base ao cal, liquidaranse as obras mediante relación valorada (art. 179 do RGLCAP)".

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) establece que: "Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...).

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”

Segundo.- Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou o “peche total da estrada neste tramo, balizándose a tal efecto”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado pola Enxeñeira do Servizo de Vías e Obras, D^a Laura Santalla Castro, por importe de 74.866,02 euros, dos cales 12.993,28€ correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.



Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra.

Terceiro.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

Cuarto.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Conclusión.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a execución da obra de A FONSAGRADA.- Substitución de obra de paso sobre o río do Castelo na LU-P-0408, P.K. 3+500, como consecuencia do colapso da obra de paso sobre o río do Castelo na estrada provincial LU-P-0408, que desapareceu a calzada e o recheo sobre o que se asenta a mesma neste punto quilométrico da estrada, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras, ordeando á empresa Hermanos Píco Yañez SL, dada a dispoñibilidade para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 74.866,02€, IVE incluído, ao cal prestou a súa conformidade, e liquidándose a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP), formulándose pola Área de Xestión Territorial as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e

consecuentemente restituír a circulación en condicións de seguridade e para evitar a socavación dos recheos nos tramos adxacentes.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de A FONSAGRADA.- Substitución de obra de paso sobre o río do cordó na LU-P-0408, P.K. 3+500, como consecuencia do colapso da obra de paso sobre o río do Castelo na estrada provincial LU-P-0408, que desapareceu a calzada e o recheo sobre o que se asenta a mesma neste punto quilométrico da estrada de cordó coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 74.866,02€ euros, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Hermanos Pico Yañez SL, dada a dispoñibilidade para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 74.866,02€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación en condicións de seguridade e para evitar a socavación dos recheos nos tramos adxacentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación coa actuación por emerxencia da obra de CHANTADA-CARBALLEDO.- Actuacións diversas na LU-P-1801 “Chantada – Nogueira – Os Peares (LU-P-1010) e na LU-P-1010 “A Touza (LU-P-1001) – presa de Peares – A Granxa (LU-P-101), no P.K. 3+650.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe de data 30/01/2023, ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Ao inicio do ano 2023 debido as continuas choivas, aconteceron unha serie de colapsos en diversos noiros e muros que sosteñen da estrada provincial LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, os desperfectos ocorreron en distintos p.q. no termo municipal de Chantada e Carballedo. Tamén aconteceu un colapso no noiro da estrada LU-P-1010, denominada “A Touza (LU-P-1001) - presa de Peares - A Granxa (LU-P-1001)”, no p.q. 3+650, que discorre por riba do acceso a presa dos Peares, neste caso os desperfectos atopanse no termo municipal de Carballedo.

Á vista da situación descrita e polo manifesto risco que supón para os usuarios da vía, procedeuse, o mesmo día, ao peche total da estrada en algún dos tramos afectados, balizándose e sinalizándose desvíos alternativos. A día de hoxe xa se limparon e abrironse os tramos afectados, pero aínda perduran os colapsos nos noiros, polo que é necesaria actuar o mais axiña posible.

Debido o elevado número de desprendementos, acheganse unhas fotografías por p.q. e unha pequena descripción do acontecido en cada un dos tramos.

1. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 4+500:



Debido ao desprendemento no marxe dereito é necesario retirar as pedras que caeron e que obstruen a cuneta.

2. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 6+200:



Debido ao desprendemento no marxe dereito é necesario retirar a terra que cae e que obstrue a cuneta.

3. LU-P-1801, denominada denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 7+855:



Como se pode apreciar, polo marxe dereito baixou unha enorme cantidade de auga, a obra de drenaxe da estrada non tivo a suficiente capacidade para evacuar a auga e o discurrir por riba da estrada acabou lavando o noiro sobre o que se asenta a calzada, o que compromete gravemente a estabilidade da parte da calzada que aínda se conserva. Na actualidade



representa un grave risco para a circulación.

4. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 12+276:



Como se ve nas fotografías é necesario reparar parte do firme e estabilizar o noiro.

5. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 17+600:



Como se ve na fotografía é necesario retirar o desprendemento e limpar a cuneta.

6. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 18+180:



Marxe esquerda.

Como se ve na fotografía é necesario retirar o desprendimento e limpar a cuneta.

7. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 19+900:



Marxe dereito



Marxe esquerdo

Como se pode apreciar, polo marxe dereito baixou unha enorme cantidade de auga, a obra de drenaxe da estrada non tivo a suficiente capacidade para evacuar a auga e o discurrir por riba da estrada acabou lavando o noiro sobre o que se asenta a calzada, na actualidade permanecen varios pinos sostendo do noiro da calzada, pero se estes pinos chegan a caer arrancarían o pouco noiro que queda polo que a calzada podería caer, o que compromete gravemente a estabilidade da parte da calzada que aínda se conserva. Na actualidade representa un grave risco para a circulación.

8. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 20+041:



Como se pode apreciar, polo marxe esquerdo baixou unha enorme cantidade de auga, a que lavou o noiro e inestabiliza a estrada, es necesario consolidar ese tramo.

9. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 27+400:



Marxe esquerdo

Como se ve na fotografía é necesario retirar o desprendemento e limpar a cuneta.



10. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 28+446:



Como se ve na fotografía é necesario retirar o desprendemento e limpar a cuneta.

11. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 28+516:



Marxe esquerdo

As cunetas da estrada non tiveron a suficiente capacidade para evacuar a auga e o discorrer a auga por riba da estrada acabou lavando o noiro sobre o que se asenta a calzada, o que compromete gravemente a estabilidade da parte da calzada que aínda se conserva. Na actualidade representa un grave risco para a circulación. Na parte dereita hai casas polo que é un dos tramos no que convén actuar coa maior axilidade.

12. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 28+750:



Marxe dereita

As cunetas da estrada non tiveron a suficiente capacidade para evacuar a auga e o discurrir a auga por riba da estrada acabou lavando o noiro sobre o que se asenta a calzada, o que compromete gravemente a estabilidade da parte da calzada que aínda se conserva. Na actualidade representa un grave risco para a circulación. O terreo caeu sobre unha parcela de vides, que na actualidade atopase cuberta polo material que se desprende.

13. LU-P-1801, denominada “Chantada - Nogueira - Os Peares (LU-P-1010)”, p.q. 29+480:



Marxe dereito

É necesario picar e retirar as rochas do noiro que se desprende e limpar a cuneta.

14. LU-P-1010, Denominada “A Touza (LU-P-1001) - presa de Peares - A Granxa (LU-P-1001)”, p.q. 3+650:





Como se pode apreciar, polo marxe dereito baixou unha enorme cantidade de auga, as cubetas non tiveron a suficiente capacidade para evacuar a auga e o discorrer a auga por riba da estrada acabou lavando o noiro sobre o que se asenta a calzada o que compromete gravemente a estabilidade da parte da calzada que aínda se conserva. Na actualidade representa un grave risco para a circulación. Debaxo do noiro da estrada LU-P-1010 atopase a estrada que da acceso a presa dos Peares, polo que importante proceder a estabilización do noiro no menor tempo posible.

Para restituir a circulación en condicións de seguridade e para evitar o colapso dos tramos adxacentes en cada unha dos mencionados tramos, faise preciso acometer con carácter inmediato as actuacións precisas para reconstruír todos os tramos das estradas afectadas.

Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional e que supoñen grave perigo, propónse tramitar o expediente de contratación por emerxencia segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), executando as obras coa colaboración dun empresario particular –de conformidade co artigo 30.1 da LCSP- xa que a Deputación de Lugo non conta cos medios materiais nin persoais necesarios. O artigo 30.4 da LCSP dispón que nestes supostos, a selección do empresario colaborador non estará suxeita ao establecido no artigo 131 do devandito texto legal, non contemplándose na LCSP ningún procedemento de selección. A falta dunha regulación para a selección do empresario colaborador nos supostos de emerxencia e, en base ao establecido no artigo 120 da LCSP onde se dispón que o órgano de contratación poderá contratar libremente o obxecto do contrato sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na propia lei, propónse encomendar a realización dos traballos ao vixente contratista adxudicatario da conservación da rede viaria provincial na zona, Fevisa Vías y Obras S.L., xa que se considera que esa mercantil dispón de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata.

O artigo 176 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RGLCAP) establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, entre outras, poderán realizarse conforme ás seguintes modalidades:

- a) Mediante o sistema de custo e costas.

b) Contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Aos efectos de control e seguimento dos traballos executados considérase máis adecuada para a Deputación de Lugo, a segunda das modalidades, polo que se propón a súa adopción. En caso de adoptarse esta modalidade e, con suxeición ao establecido nos apartados primeiro e cuarto do artigo 178 do RGLCAP (a natureza das obras non permite a fixación previa dun prezo certo xa que dependerá da profundidade á que aparezca terreo competente para cimentar), estímase o orzamento que figura como anexo 1 a este informe. Ademais, acompáñase un segundo anexo no que se detallan as condicións ás que deberá suxeitarse a execución das obras. En todo caso, unha vez rematadas as obras, deberá redactarse a documentación técnica descritiva (art. 174 do RGLCAP) que incluíra o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RGLCAP e, en base ao cal, liquidaranse as obras mediante relación valorada (art. 179 do RGLCAP).

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)”

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”

Segundo.- Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, e polo risco que supón para os usuarios da vía, o que conlevou o “peche total da estrada en algún dos tramos afectados, balizándose e sinalizándose desvíos alternativos...”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as



actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. José Fernández Parajes, por importe de 673.708,57 euros, dos cales 116.924,63€ correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra.

Terceiro.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

Cuarto.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a

Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Conclusión.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a execución da obra de CHANTADA-CARBALLEDO.- Actuacións diversas na LU-P-1801 “Chantada – Nogueira – Os Peares (LU-P-1010) e na LU-P-1010 “A Touza (LU-P-1001) – presa de Peares – A Granxa (LU-P-101), no P.K. 3+650, como consecuencia dos desperfectos ocorridos en distintos p.q., colapsos en diversos noiros e muros que sosteñen a estrada provincial LU-P-1801 e colapso no noiro da estrada provincial LU-P-1010, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras, ordeando á empresa Fevisa Vías y Obras SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, e dispón de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 673.708,57€, IVE incluído, ao cal prestou a súa conformidade, e liquidándose a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP), formulándose pola Área de Xestión Territorial as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación en condicións de seguridade e para evitar o colapso dos tramos adxacentes en cada un dos indicados tramos, reconstruíndo tódolos tramos das estradas afectadas.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de CHANTADA-CARBALLEDO.- Actuacións diversas na LU-P-1801 “Chantada – Nogueira – Os Peares (LU-P-1010) e na LU-P-1010 “A Touza (LU-P-1001) – presa de Peares – A Granxa (LU-P-101), no P.K. 3+650 como



consecuencia dos desperfetos ocorridos en distintos p.q., colapsos en diversos noiros e muros que sosteñen as estradas indicadas, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 673.708,57€ euros, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Fevisa Vías y Obras SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, e dispor de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 673.708,57€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: POL- CASTROVERDE.- Construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 “Cinturón comarcal”, P.K. 106+500 a 107+887.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 26/01/2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7ATTAKHEWNLXETUZAEOOLT6PY¹.

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: POL- CASTROVERDE.- Construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 “Cinturón comarcal”, P.K. 106+500 a 107+887, con CSV: IV7ATTC4DFEN76EK6J4M4RCDCQ.

3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7ATWI5JFJITBFCQMXTN5S7L4.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7A4MC2JF4RSG5UYERCLZPGM.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7A4MC3BQMLLGGPUFXWKRIBN4.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7A6TIZP3XM52JMRT6S6MKPEU.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 07/10/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7A64L3BNXPV7MZ5RV4I4SEIM.

8. Publicación, o día 11/10/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 11/11/2022, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7AEAP7BYX2VGM447VU6BDS5Y.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “documentación administrativa”, resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura do arquivo “oferta técnica”, non sendo posible comprobar a súa validación da sinatura, polo que se requiriu ao licitador para que procedera á súa sinatura, sen alteración do contido da documentación, e unha vez achegada asinada validamente remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7BU2X23TVJ7T5SWMIQCBDDMU, reunida en acto público con data 01/12/2022, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, outorgándolle a empresa presentada 12,50 puntos.

Non obstante detéctase erro na denominación da mercantil presentada, polo que a mesa acorda pedir que se emende e faculta ao servizo de Contratación e Fomento para recoller dita subsanación

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

POL-CASTROVERDE.- CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 “CINTURÓN COMARCAL”, P.K. 106+500 A 107+887
 ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

513.605,60	
445.690,81	89.138,16

IVE. PARTIDA INDEPEND

VALOR ESTIMADO
 CLASIFICACIÓN EXIGIDA:
 PRAZO DE EXECUCIÓN:

12 MESES

MAX
 8.913,82 €

EMPRESAS / (GRUPO)		DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído - art 102) (60)	MELLORAS (...) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN SL		510.997,46 €	0	SI	4.245,00	48/0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBJECTIVOS (80)								XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20)	TOTAL	
	PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)			AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)			MEMORIA TÉCNICA
	OFERTA (INCLUÍDO IVA)	PTOS	M 5CM SURF B50/70D		SI/NO		MAXIMO 2% V.E.	8.913,82 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO		
			UNIDADES	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS			
1 ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN SL	510.997,46 €	60,00	0,00	0,00	SI	5,00	4.245,00	5,00	12,50	82,50	

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN SL	510.997,46 €

BAIXA
385.204,20

A vista do anterior, observase que ningunha oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN SL	82,50



b) Requerir á mercantil Estructuras Técnicas y Servicios de Rehabilitación SL, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 21.115,60 euros, que supón o 5% do prezo de adjudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Por resolución da Presidencia de data 14/12/2022, con CSV: IV7BWSSOPVJPRXBZY4PCGQSV4A, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Estructuras Técnicas y Servicios de Rehabilitación SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 15/12/2022, rematando o prazo de presentación o día 29/12/2022. A mercantil Estructuras Técnicas y Servicios de Rehabilitación SL, presentou documentación o 29/12/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día 09/01/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, segundo acta con CSV: IV7BS33Y3A6MZJH7DXQB437THY, compróbase que a empresa Estructuras Técnicas y Servicios de Rehabilitación SL non presenta correctamente a documentación requirida, observándose as seguintes deficiencias:

En relación co Imposto de Actividades Económicas (IAE), presenta documento no que figura unha identificación do suxeito pasivo distinta da denominación da mercantil que presenta oferta, e non se xustifica a alta no ámbito territorial en que radican as obras obxecto da contratación, de acordo co indicado na cláusula 17.2.a do PCAP.

O Aval /Garantía achegada non esta asinada ou a sinatura non é válida.

En relación coa póliza de seguro todo risco construción soamente achega o compromiso de contratar e pagar, se ben non achega o borrador da póliza, de acordo co establecido no apartado 8 da cláusula 17 do PCAP.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera incompleta a documentación remitida, polo que tendo en conta o establecido na indicada cláusula 17 do PCAP que indica "...Se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables concederáse un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda...", acordou conceder un prazo de tres días hábiles á mercantil Estructuras Técnicas y Servicios de Rehabilitación SL para que achegue a documentación que se indica e que figura na indicada cláusula 17 do PCAP.

En data 11/01/2023, dende o Servizo de Contratación e Fomento requiriuse á indicada empresa a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, para que emendara a documentación presentada con deficiencias.

A mercantil Estructuras Técnicas y Servicios de Rehabilitación SL, presentou documentación o 13/01/2023 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 26/01/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Estructuras Técnicas y Servicios de Rehabilitación SL, presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:



Adjudicar á empresa Estructuras Técnicas y Servicios de Rehabilitación SL con C.I.F. B-86258183, representada por D. Jesús López Martínez con DNI ***2089**, a contratación da obra denominada POL- CASTROVERDE.- Construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 “Cinturón comarcal”, P.K. 106+500 A 107+887 (2022/CON_02/000069) baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias para o inicio das obras, momento a partir do cal se notificará ó adxudicatario o prazo para formalizar o contrato administrativo.

As condicións da oferta da adxudicataria, a executar unha vez cobre eficacia o acordo de adxudicación e verificados as condicións derivadas da comprobación do replanteo, son as seguintes, segundo ten formulada a mercantil Estructuras Técnicas y Servicios de Rehabilitación SL:

- a. Prezo de 510.997,46 €, dos cales 88.685,51€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.
- c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 4.245,00€ mais IVE.
- d. Prazo de execución de 5 meses e 16 días.
- e. O cumprimento da oferta técnica presentada.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización de conformidade con observacións, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Estructuras Técnicas y Servicios de Rehabilitación SL con C.I.F. B-86258183, representada por D. Jesús López Martínez con DNI ***2089**, a contratación da obra denominada POL- CASTROVERDE.- Construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 “Cinturón comarcal”, P.K. 106+500 a 107+887 (2022/CON_02/000069) baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias para o inicio das obras, momento a partir do cal se notificará ó adxudicatario o prazo para formalizar o contrato administrativo.

As condicións da oferta da adxudicataria, a executar unha vez cobre eficacia o acordo de adxudicación e verificados as condicións derivadas da comprobación do replanteo, son as seguintes, segundo ten formulada a mercantil Estructuras Técnicas y Servicios de Rehabilitación SL.

- a. Prezo de 510.997,46 €, dos cales 88.685,51€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.



c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 4.245,00€ mais IVE.

d. Prazo de execución de 5 meses e 16 días.

e. O cumprimento da oferta técnica presentada.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

6º.- Dar traslado do acordo ao Servizo de Vías e obras para que unha vez se dispoña das habilitacións necesarias para o inicio das obras e estas se verifiquen, se comunique ao Servizo de Contratación, momento a partir do cal se procederá a notificar ao adxudicatario a data para formalizar o contrato administrativo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2022.

Escrito do Concello de Xove, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 275 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Xove, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (275) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).



Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Xove presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
XOVE	275	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS VIAIS DE ACCESO A PRADA, ILLADE E BARXA	1531.76201	12.686,87€

5. Por escrito de data 23/01/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
XOVE	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS VIAIS DE ACCESO A PRADA, ILLADE E BARXA (LIQUIDACIÓN)	1531.76201	7.073,47 €	12.686,87€	19.760,34€

6. A base 16.1 indica “calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou calquera outro concepto deberá ser financiado íntegramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación”.

7. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación da certificación-liquidación achegada, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Xove, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Xove e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, a certificación- liquidación que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
XOVE	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS VIAIS DE ACCESO A PRADA, ILLADE E BARXA (LIQUIDACIÓN)	1531.76201	7.073,47 €	12.686,87€	19.760,34€



2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADAPTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA Á TRAMITACIÓN DAS SUBVENCÍONS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL POR IMPORTE IGUAL OU SUPERIOR A 15.000,00 € Á NORMATIVA VIXENTE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“En relación ao asunto de referencia, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese o seguinte informe,

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 28 de xaneiro de 2022 acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Que a documentación aprobada por resolución presidencial, de data 25 de xaneiro de 2022, e que se acompaña ao expediente, sirva de base para a tramitación das subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 €, e que os convenios tipo aprobados podan ser obxecto de adaptación en casos excepcionais e previo informe emitido pola Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido sustancial do convenio.”

Segundo: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 28 de outubro de 2022 acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Que a documentación aprobada por resolución presidencial, de data 27 de outubro de 2022, e que se acompaña ao expediente, sirva de base para a tramitación das subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 € (...)”

Terceiro: Por resolución presidencial de data 2 de febreiro de 2023 resolveuse:

“Primeiro. Aprobar os novos convenios tipo (en galego e en castelán) canalizadores das subvencións directas nominativas:

Convenio tipo canalizador das subvencións directas nominativas a formalizar con entidades privadas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades.

a) convenio tipo para subvencións directas nominativas por importe inferior a 15.000,00 € (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 32.1 da OXS).

b) convenio tipo para subvencións directas nominativas por importe igual ou superior a 15.000,00 € (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 32.2 da OXS).

Convenio tipo canalizador das subvencións directas nominativas a formalizar con entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades (conta xustificativa mediante certificación en base ao establecido no artigo 28.5 da LSG e na base 24.9 de execución do vixente orzamento da Deputación).

Segundo. Aprobar a modificación dos normalizados de xustificación (Anexos) das subvencións directas nominativas que se relacionan a continuación.

Anexo – Certificación xenérica (para entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades).



Anexo III- Declaración conxunta (para entidades privadas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades).

Terceiro. Establecer que a documentación aprobada polas resolucións presidenciais de data 25 de xaneiro de 2022 e de 27 de outubro de 2022 -en tanto non se vexa afectada por esta resolución- sexa de aplicación para a tramitación das subvencións directas nominativas.

Cuarto. Establecer que a documentación aprobada para a concesión, tramitación e xustificación das subvencións nominativas servirá de base para a concesión, tramitación e xustificación das subvencións directas de carácter excepcional cando se trate de subvencións por importe inferior a 15.000,00 €.

Quinto. Publicar na páxina web do ente provincial os modelos normalizados de xustificación modificados (Anexos).

Sexto. Trasladar aos centros xestores de subvencións o contido da resolución”.

Fundamentos de dereito,

Primeiro: A entrada en vigor da Lei 21/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 modifica a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que se fai necesario actualizar a documentación necesario para á tramitación das subvencións directas nominativas da entidade.

Segundo: Segundo o disposto no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo publicada no B.O.P de Lugo o 13 de abril de 2021 “os órganos competentes para a concesión das subvencións son os que se determinen nas Bases de execución do orzamento, tomando como referencia o importe dos contratos menores (establecido na normativa de contratos das Administracións Públicas vixente).

Na base 24ª.4 “órganos competentes en materia de subvencions” de Execución do Orzamento para a anualidade 2023 , establécese o seguinte:

“(…)

Concesión directa: o órgano competente para o seu outorgamento é o Presidente a proposta do Delegado correspondente sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente.”

Conclusiones,

Por todo o exposto, e coa finalidade de axilizar e homoxeneizar o procedemento de tramitación de subvencions directas de carácter excepcional informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que a documentación aprobada por resolución presidencial, de data 2 de febreiro de 2022, e que se acompaña ao expediente, sirva de base para a tramitación das subvencions directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 € e que os convenios tipo aprobados podan ser obxecto de adaptación en casos excepcionais e previo informe emitido pola Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio”.

Por todo o exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que a documentación aprobada por resolución presidencial, de data 2 de febreiro de 2022, e que se acompaña ao expediente, sirva de base para a tramitación das subvencions directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 €, e que os convenios tipo aprobados podan ser obxecto de adaptación en casos excepcionais e previo informe emitido pola Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeira.- *Proposta de aprobación do convenio de colaboración entre El Progreso de Lugo SL e a Deputación Provincial de Lugo para colaborar no “115 aniversario do Progreso” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

En relación ao asunto de referencia (EXP-2023/XEN_01/000271) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial (...)” e no mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG.

Segunda.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de

boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: (...) C) Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de dereito privado (...)”.

Segunda.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.



Terceira.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Cuarta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Quinta.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de colaboración que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA.

Segunda.- El Progreso de Lugo SL radica na cidade de Lugo e é un diario que fai especial fincapé no que acontece na provincia de Lugo.

Dita entidade celebra os seus 115 anos de historia e quere por en marcha diversas actividades –charlas, coloquios, exposicións e algunha publicación especial- onde se porá de manifesto o seus compromiso coa provincia.

Terceira.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



Quinta.- Nestes supostos de relación de colaboración con contraprestacións entre os beneficiarios non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 90.750,00 € na aplicación orzamentaria 9250.47900 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente a aprobación de oficio do referido expediente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre EL Progreso de Lugo SL e a Deputación de Lugo para colaborar no “115 aniversario de El Progreso de Lugo”, por importe total de 90.750,00 €, que se detalla a continuación:

Convenio de colaboración entre El Progreso de Lugo SL e a Deputación Provincial de Lugo para colaborar no “115 aniversario do Progreso” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, dona Blanca García Montenegro, que actúa en nome e representación de El Progreso de Lugo SL, con NIF B27000637, e sede social na Rúa Ribadeo, 5, Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial” e no mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo).

Terceiro.- El Progreso de Lugo SL radica na cidade de Lugo e é un diario que fai especial fincapé no que acontece na provincia de Lugo.

Celebra os seus 115 anos de historia e quere por en marcha diversas actividades –charlas, coloquios, exposicións e algunha publicación especial- onde se porá de manifesto o seus compromiso coa provincia.



Cuarto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Quinto.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio de colaboración, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre El Progreso de Lugo SL e a Deputación de Lugo en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

Actuacións	CUSTE TOTAL
Actuacións realizadas dentro do 115 Aniversario de El Progreso de Lugo SL (charlas, coloquios, exposicións, e publicacións especiais)	90.750,00 € (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, as entidades comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA EL PROGRESO DE LUGO SL
90.750,00 €	0,00€
TOTAL: 90.750,00 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas entidades comprométese a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio de colaboración, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (90.750,00 €).

1. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida pola Deputación, ou previa solicitude de el Progreso de Lugo SL autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. EL Progreso de Lugo SL:

En cumprimento do presente convenio de colaboración, El Progreso de Lugo SL, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.



1. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións
2. Executar a actuación na data límite do 31 de decembro de 2023.
3. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
4. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
5. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirida pola Deputación, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
6. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de colaboración, o seu obxecto e fin.
7. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 90.750,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.47900 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira-

2.-Achega de El Progreso de Lugo SL:

El progreso de Lugo SL aportará para a execución do convenio o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

B) Titularidade do resultado da colaboración:

O resultado da cooperación será titularidade de El Progreso de Lugo SL.

B) Xustificación da achega económica.

El Progreso de Lugo SL, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2024 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento e a imputación á axuda da Deputación

1. Declaración responsable emitida polo representante de El Progreso de Lugo SL na que se faga constar o seguinte:

a) O custo total da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento.

b) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

c) Que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de colaboración, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de colaboración.

e) Que a entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

f) Que a actividade realizada foi obxecto de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da axuda concedida e xustificante de pago das mesmas.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- a) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- b) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.



c) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

d) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, El Progreso de Lugo SL incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

El Progreso de Lugo SL e a Deputación comprométense a difundir a actuación e a colaboración de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Carácter do convenio de colaboración.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre entidades con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 5 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data *ut supra*, do que como secretario que dou fe.

O PRESIDENTE
Asinado: José Tomé Roca

A REPRESENTANTE DE EL PROGRESO DE LUGO SL
Asinado: Blanca García Montenegro

O SECRETARIO XERAL,
Asinado, José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 90.750,00 € a favor de El Progreso de Lugo SL para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio con cargo a aplicación orzamentaria 9250.47900 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a realización da adquisición dunha rozadora de brazo articulado traseira para dispoñer sobre tractor”.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:



“O representante legal do Concello de Ribadeo solicitou, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade o 12 de xaneiro de 2023, a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, da “Adquisición dunha rozadora de brazo articulado traseira para dispoñer sobre tractor”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 31 de xaneiro de 2023.

Tendo en conta o exposto, proponho que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo do seguinte teor:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta da “Adquisición dunha rozadora de brazo articulado traseira para dispoñer sobre tractor”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: P2700000I, e sede social na rúa San Marcos, 8, de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL); e, no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra, don Fernando Suárez Barcia, con DNI nº: ***9411**, alcalde do Concello de Ribadeo, con NIF: P2705100B, e sede social na Praza de España, 1, de Ribadeo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e, a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- O municipio de Ribadeo ten unha extensión aproximada de 100 Km², cun carácter eminentemente rural, onde incluso os núcleos que poden considerarse máis urbanos teñen unha clara composición e estrutura rural, con amplas zonas verdes e numerosos viais que entran os diversos puntos de poboación.



O Concello de Ribadeo dispón de dous tractores destinados ao exercicio das competencias que a lexislación estatal e autonómica lle outorga ao municipio en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Así, estes tractores están destinados a rozas na rede viaria e parcelas rústicas de titularidade municipal, co fin de asegurar o seu axeitado estado de mantemento, garantir a seguridade dos seus usuarios.

Con todo, o correcto desempeño das funcións citadas require da adquisición dunha rozadora de brazo articulado traseira para dispoñer sobre os tractores, e que contribuirá á eficacia e eficiencia na execución de aquelas.

Segundo.- O medio rural é un dos elementos fundamentais na vertebración social e económica da provincia de Lugo. Ademais, é o soporte físico de moitas actividades económicas, tales como a agricultura e a gandería, que xeran importantes niveis de emprego e renda.

No seu ámbito, as infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo neste medio e contribuíndo, deste xeito, a frear o seu despoboamento.

En particular, as vías de titularidade municipal facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio e, ademais, contribúen ao aumento da competitividade agrícola e gandeira. E, como toda infraestrutura, precisan do mantemento que lles permita poder seguir cumprindo coas súas funcións.

O Municipio de Ribadeo, como se viu, ten un carácter eminentemente rural, sendo un dos motores da súa economía o sector primario. Este sector depende, en gran medida, entre outros factores, dunha rede de comunicacións por estrada nas mellores condicións, que permita as citadas vertebración do territorio e aumento da competitividade agrícola e gandeira.

A infraestrutura viaria de titularidade municipal é unha materia na que todos os municipios deben exercer competencias propias, en virtude do establecido na letra b) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do municipio de Ribadeo, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio das competencias e a prestación dos servizos descritos, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.

Neste senso, adquiren gran relevancia as consideracións que se reflicten no Libro Verde da Cohesión Territorial, en torno á necesidade de fomentala cooperación entre Administracións; e, así mesmo, hai que ter en conta que as Administracións Públicas actúan de acordo a uns principios establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP); destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.

A teor do disposto naquel, o principio de cooperación materialízase cando dúas ou máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.

Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a través de convenios, nos que estarán previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).

Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA), e 57 da LRBRL.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de Ribadeo configúrase como un aparello técnico administrativo necesario para a realización das obras proxectadas por aquel, que se adecúa con plenitude aos principios xerais de



actuación e funcionamento do sector público na súa actuación e relacións, tal e como quedaron expostos.

Terceiro.- No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios, consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no seu apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada teñen plena cabida nos supostos dos citados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que a mellora dos servizos públicos no rural contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social da provincia, así como á loita contra o despoboamento do rural.

Pola súa banda, o Municipio de Ribadeo, consonte á letra b) do artigo 25.2 da LRBRL, exercerá, en todo caso, competencias propias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Polo tanto, o Municipio de Ribadeo queda lexitimado para, a través da representante do seu concello, formalizar a relación de cooperación suscitada, asinando o corresponde convenio.

Ademais, a subscripción deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e

asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En virtude de todo o sinalado, os representantes das entidades locais citadas subscriben, en nome destas, o presente convenio interadministrativo de cooperación, de conformidade coas seguintes

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, en exercicio das súas competencias, co obxecto de colaborar na realización conxunta da actividade “Adquisición dunha rozadora de brazo articulado traseira para dispoñer sobre tractor”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

Para realizar a dita actividade e acadar o citado fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar e financiar a subministración e gastos seguintes, segundo se reflicte na memoria valorada presentada polo representante do Concello de Ribadeo:

INVESTIMENTO	DESCRIPCIÓN	CUSTO
Adquisición dunha rozadora de brazo articulado traseira para dispoñer sobre tractor	Rozadora dimensionada para un traballo mínimo de 800 horas anuais. Ancho de cabezal de corte mínimo de 1,20 metros. Alcance horizontal mínimo de 5,50 metros. Alcance vertical mínimo de 6,50 metros. Deseñada para corte de ramas e arbustos de ata 10 centímetros de diámetro. Transmisión ao rotor do cabezal de corte mediante correas. Dotada de sistema de seguridade contra obstáculos. Todos os movementos da máquina serán hidráulicos e poderán provocarse dende a cabina do tractor con mando electrónico (joystick). Con medidor de temperatura do aceite e dispositivo de parada de emerxencia. Peso máximo de 1.750 quilos. Equipada consonte á normativa de seguridade vixente.	33.000,00 €
IMPORTE TOTAL	(sen IVE)	33.000,00 €
IVE	(21%)	6.930,00 €
IMPORTE TOTAL	(con IVE)	39.930,00 €

Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.



Segunda.- Ámbito territorial das actuacións obxecto do convenio.

O ámbito territorial de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o termo municipal de Ribadeo.

Terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes.

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes asinantes conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

1) Financiamento dos custos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 39.930 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.

2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos da subministración resulten inferiores aos inicialmente previstos, a Deputación de Lugo terá a facultade de reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude do Concello de Ribadeo, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

B. Do Concello de Ribadeo.

1) Elaborar e aprobar a correspondente memoria valorada que defina con precisión o investimento a realizar.

2) Licitar o investimento con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.

3) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, unha vez esgotado o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta realización do investimento.

4) Realizar o investimento relacionado co obxecto deste convenio na data límite do 15 de novembro de 2023.

5) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

6) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

7) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

1. Achegas.

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 39.930 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023, para que o Concello de Ribadeo poida afrontar os gastos mencionados na cláusula primeira.

B. Do Concello de Ribadeo.

O Concello de Ribadeo achegará a cantidade que, unha vez esgotado o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta realización do investimento.

2. Titularidade dos resultados.

O Concello de Ribadeo será titular do resultado da cooperación: Adquisición dunha rozadora de brazo articulado traseira para dispoñer sobre tractor, coa obriga de dedicar o investimento ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Quinta.- Xustificación da achega económica.

Unha vez finalicen as actuacións previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo, o 30 de novembro de 2023, o Concello de Ribadeo presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:



Memoria das actuacións realizadas.

Relación clasificada de gastos polo custo total do investimento obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Acta de recepción da subministración, expedida polo facultativo designado polo Concello de Ribadeo.

Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario municipal:

Indicativa do custo total da actividade desenvolta e dos importes do financiamento.

Acreditativa de que a relación dos gastos da actividade atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.

Indicativa de que a actividade foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Fotografías do investimento realizado no marco deste convenio.

Declaración responsable, emitida pola representante do Concello de Ribadeo:

Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións, públicas ou privadas, para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Duración do convenio.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas nel asumidos.

A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Sétima.- Modificación do convenio.

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos, previsto no citado artigo 49 da LRXSP.

Oitava.- Extinción do convenio e os seus efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución, consonte ao artigo 51.2 da LRXSP:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.



(...).

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.

O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á súa liquidación, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

O convenio entenderase cumprido cando o seu obxecto se realizara nos termos nel previstos e a satisfacción das partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta, consonte ao artigo 52.2 da LRXSP, as seguintes regras:

a) Se da liquidación resultara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fora inferior aos fondos que a mesma recibira do resto das partes do convenio para financiar dita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes dende que se aprobara a liquidación.

Transcorrido o prazo máximo dun mes, mencionado no parágrafo anterior, sen que se producira o reintegro, deberase aboar a ditas partes, tamén no prazo dun mes a contar dende ese momento, o xuro de demora aplicable ao citado reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financeira do sector público.

b) Se fora superior, o resto das partes do convenio, no prazo dun mes dende a aprobación da liquidación, deberá aboar á parte de que se trate a diferenza que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha das partes se comprometera a achegar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.

Novena.- Comisión de seguimento.

Consonte ao establecido no artigo 49.f) da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio e para o seu seguimento, vixilancia e control, establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto

daquel. Ostentará a condición de presidente da comisión de seguimento quen o sexa do ente provincial.

Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán, así mesmo, asistir á comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar a acción que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou proponer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes que aludan ou informen da actividade ou actuación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), o Concello de Ribadeo incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicialos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalos. A Deputación, pola súa banda, incorporará os que lle facilite aquel.



Ademais, consonte ao artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo (publicada no BOP nº 212, do 14 de setembro de 2016), o Concello de Ribadeo deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ámbalas Administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello de Ribadeo comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo primeira.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e, consonte ao artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta non lle é de aplicación, pois, segundo aquel:

Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico-pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico-privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...).

Neste caso, cómprese as condicións fixadas ao efecto polo apartado 1 deste artigo 6 (letras a, b e c), xa que: as entidades intervinientes non teñen vocación de mercado; o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común; e o

desenvolvemento da cooperación guíase unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...).

b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).

Así mesmo, nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, nos que as Administracións intervenientes ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, segundo o disposto no artigo 2.4.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo tanto, este convenio de natureza administrativa rexerá pola LRBRL e pola LRXSP, así como polas restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

As partes comprométese a resolver, de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Noutro caso, será competente para entender dos litixios que puidesen xurdir a Xurisdición Contencioso – Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 9 páxinas numeradas, na data da sinatura dixital, do que como secretario dou fe.



O presidente da Deputación de Lugo
P.D. Decreto do 15/10/2019
A deputada da Área de Medio Rural e do Mar, Mocidade
Mónica Freire Rancaño

O alcalde do Concello de Ribadeo

Fernando Suárez Barcia

O secretario xeral da Deputación de Lugo
José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 39.930 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 46 E DA PARCELA NÚMERO 47 DO POLÍGONO INDUSTRIAL “OS ACIVROS”, CONCELLO DE CHANTADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En data de 10 de xaneiro de 2023, foi presentado un escrito por D. Fernando Martín Vázquez Cardaci mediante o que manifesta o seu interese pola parcela número 46 e a parcela número 47, situadas no Polígono Industrial “Os Acivros” de Chantada e solicita a súa adquisición por importe de corenta e un mil setecentos setenta e nove euros con oitenta e catro céntimos (41.779,84€) e corenta e dous mil oitocentos vinte e sete euros con oitenta e catro céntimos (42.827,84€), respectivamente.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 172, de data de 29 de xullo de 2021 e modificado mediante Decreto de Presidencia, de data de 05 de agosto de 2021, ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data de 6 de agosto de 2021 e publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 182, de data de 10 de agosto de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 10 de setembro de 202, acordou a adxudicación da parcelas do Polígono Industrial “Os Acivros” do Concello de Chantada aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela número 46 do Polígono Industrial “Os Acivros” no Concello de Chantada, con referencia catastral 0353603PH0105S0001AF, ten unha superficie de mil trescentos cinco con sesenta e dous metros cadrados (1.305,62m²) un prezo de licitación , publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de corenta e un mil setecentos setenta e nove euros con oitenta e catro céntimos (41.779,84€) máis IVE e non foi adxudicada neste procedemento de alleamento, mediante poxa.

A parcela número 47 do Polígono Industrial “Os Acivros” no Concello de Chantada, con referencia catastral 0353604PH0105S0001BF, ten unha superficie de mil trescentos trinta e oito con trinta e sete metros cadrados (1.338,37m²), un prezo de licitación, publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de corenta e dous mil oitocentos vinte e sete euros con oitenta e catro céntimos (42.827,84€) máis IVE e non foi adxudicada neste procedemento de alleamento, mediante poxa.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, recolle na súa cláusula 20:

“No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións”.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 17 de xaneiro de 2023, con CSV IV7BTTYLB4JT3HHYS4OQ75SH6M.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 30 de xaneiro de 2023, con CSV IV7B6TQYFJ76RGN2VRYTDYKDCQ.



Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 46 e da parcela número 47 do Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, a favor de D. Fernando Martín Vázquez Cardaci, por importe de 41.779,84€ máis IVE e 42.827,89€ máis IVE, pagando o IVE coa sinatura da escritura de compraventa e con pago financiado a cinco anos e cotas trimestrais, polos seguintes importes:

Parcela número 46 - corenta e un mil setecentos setenta e nove euros con oitenta e catro céntimos (41.779,84€).

Parcela número 47 - corenta e dous mil oitocentos vinte e sete euros con oitenta e catro céntimos (42.827,84€).

2º.- Formalizar o contrato compraventa da parcela número 46 e da parcela número 47 do Polígono Industrial “Os Acivros “ no Concello de Chantada, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de D. Fernando Martín Vázquez Cardaci.

3º.- Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 46, con referencia catastral 0353603PH0105S0001AF e da parcela número 47, con referencia catastral 0353604PH0105S0001BF, do Polígono Industrial de “Os Acivros”, no Concello de Chantada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA RELATIVA Á REORGANIZACIÓN DE BENS INMOBLES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SITOS NO CONCELLO DE CASTRO DE REI.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto que a Deputación de Lugo é propietaria de varios bens inmobles en Castro Riberas de Lea, no Concello de Castro de Rei, na Provincia de Lugo. Entre estes bens inmobles atópase unha construción que data, según información catastral, do ano 1949 e según certificación da Sección de Inventario da Deputación Provincial de Lugo, está adscrito ao servizo público. Esta edificación ten a seguinte referencia catastral: 00900500PH27G0001XZ e sitúase sobre dúas parcelas, propiedade da Deputación Provincial, con referencia catastral 27012A219000010000PL e 27010A219000020000PT e con superficies de 336.491m² e 672.729m², respectivamente, de acordo coa certificación, emitida pola Sección de Inventario, en data de 16 de decembro de 2022, con CSV IV7BWZK57IWRICYFEQEAU4U.

Entre estas parcelas figura catastralmente un camiño, con referencia 27010A219090040000PX figurando como titular catastral o Concello de Castro de Rei.

Visto que estes bens inmobles forman parte dunha única finca rexistral, denominada Finca de Castro de Rei con número 4345, (CRU:27013000036242), cruzada pola estrada provincial “Pontón de la Gulpilleira a Gontán”, con superficie de douscentas noventa hectáreas ,que inclúe varias edificacións e linda ao norte, monte común de la Parroquia de Triaba, Sur, monte consorciado e repoboado, Leste, Límite municipio de Cospeito e Oeste, Monte común de Duarría.

Visto que, en data de 13 de decembro de 2022, a Secretaria de Estado de Migraciones remite á Deputación de Lugo o “Memorando de entendimiento entre el Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones y la Diputación de Lugo “ para a implantación dun centro de acollida de protección internacional no inmovible provincial referido e incluíndo, ademais, neste proxecto parte das parcelas, con referencia catastral 27010A219000010000PL, 27010A219000020000PT e 27010A219090040000PX.

Visto que, na sesión ordinaria da Xunta de Goberno, celebrada o día 16 de decembro de 2022, entre outros, adoptáronse os seguintes acordos:

“Primeiro. Aprobar o texto do “Memorándum de entendimiento entre el Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones y la Diputación de Lugo” que se incorpora ao expediente.



Segundo. Iniciar a tramitación de cambio de titularidade dominical do Hospital Psiquiátrico “San Rafael” (referencia catastral 000900500PH27G0001XZ –Edificación) a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones” de acordo coa lexislación patrimonial das entidades locais”.

Visto que , en data de 22 de decembro de 2022, dáse traslado ao Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones do dito acordo provincial e do texto do Memorandum dirixido á consecución dun Proxecto de Construción dun Centro de Acollda de Protección Internacional no referido inmovible provincial.

Visto que, en data de 9 de xaneiro de 2023, a Unidade de Proxectos, desta Deputación Provincial, redacta a memoria e a planimetría dos espazos e superficies dos inmoibles provinciais que conformarían o proxecto ministerial, indicando que o proxecto inclúe a parcela catastral na que se sitúa a construción e, parcialmente, outras tres parcelas, con referencias catastrais 27010A219090040000PX, 27010A219000010000PL e 27010A219000020000PT.

Visto que, o 29 de decembro de 2022 , solicitouse unha valoración do citado inmovible coñecido con Antigo Hospital Psiquiátrico de Castro de Rei ou Hospital de San Rafael situado na parroquia de Castro Riberas de Lea do Concello de Castro de Rei en Lugo á empresa adjudicataria do procedemento de contratación do servizo de valoración de bens, Taxo Valoración SL (Xunta de Goberno 7.10.2022). Dita solicitude ampliouse, en data de 16 de xaneiro de 2023, incluíndo a solicitude de valoración de parte das parcelas catastrais 27010A219090040000PX, 27010A219090010000PL e 27010A219090020000PT, incluídas no citado proxecto.

Visto que, na Sesión ordinaria da Xunta de Goberno, da Deputación Provincial, de data de 13 de xaneiro de 2023, adoptáronse, entre outros, o seguintes acordos:

“Primeiro. Aprobar a posta a disposición dun total de 42.880 m2 a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones integrados polo edificio denominado Hospital de San Rafael que se identifica co número de referencia catastral 000900500PH27G0001XZ cunha superficie de 14.873 m2. E polas superficies que se corresponden coas porcións das parcelas

catastrais coas referencias número 27010A219090040000PX con 526 m²/4.921m², número 27010A219000010000PL con 11.730 m²/336.491 m² e número 27010A219000020000PT con 15.751 m² /672.729 m² definidas na planimetría elaborada ao efecto.

Segundo. A posta a disposición queda vinculada a execución dun Proxecto de Construción dun Centro de Acollida de Protección Internacional nos citados inmobles provincial.

Terceiro. Iniciar os trámites correspondentes para a segregación, agrupación e regularización catastral das superficies afectadas en cada unha das parcelas referidas.”

Visto que, en data de 28 de xaneiro de 2023 O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones informa que:

“...Presta a súa conformidade ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno e , polo tanto, acepta a posta a disposición dos terreos aos que fai referencia en dito acordo, ao obxecto de construír un centro de acollida e protección internacional, por ser acorde co solicitado e satisfacer as necesidades que deron orixe á petición. Igualmente, presta conformidade a que por parte da Deputación de Lugo se inicie o expediente de cambio de titularidade demanial dos terreos. “

Visto que , para a execución do acordo referenciado, adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión de 13 de xaneiro de 2023, a Unidade de Proxectos , en xaneiro de 2023, redacta o proxecto de reordenación da propiedade para cambio de titularidade do Hospital Psiquiátrico “San Rafael”.

Visto que para dar cumprimento ao acordo provincial de posta a disposición dos terreos e a posterior tramitación dun procedemento conducente ao cambio de titularidade dun inmovle provincial a favor doutra administración ,mediante a denominada mutación demanial subxectiva, de acordo co disposto no artigo 29, da Lei 5/2011 da Lei do Patrimonio da comunidade Autónoma de Galicia, que resulta de aplicación as entidades locais (Disposición adicional segunda), é necesaria a aprobación deste procedemento de reorganización da propiedade, de acordo co proxecto de reordenación elaborado pola Unidade de Proxectos, creando a parcela, que leva o nome de Parcela 1R (Hospital), que, tras a súa regularización, será obxecto de transmisión.



Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, de data 1 de febreiro de 2023, con CSVIV7B63CIFMU23DHCAZUQIT2RHY.

Vista a retención de crédito efectuada pola intervención, en data 2 de febreiro de 2023, con CSVIV7B66XCGFM5VLO3CNGTGYZ764.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a reorganización dos bens inmoables sitos no Concello de Castro de Rei, de acordo co proxecto redactado pola Unidade de Proxectos.

2º.- Incorporar ao Inventario de bens da Deputación Provincial á referida reorganización de bens.

3º.- Facultar á Presidencia para efectuar todos os trámites administrativos necesarios para a regularización catastral e rexistral destes bens, e para a formalización das escrituras públicas necesarias para a execución desta reorganización de bens.

4º.- Aprobar o gasto, por importe estimado de sete mil euros (7.000,00€), para efectuar estes trámites de reorganización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS LISTAXES PROVISIONAIS DE ENTIDADES ADMITIDAS, DE ENTIDADES EN AGARDA E DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA (ANUALIDADE 2023).

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que a Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión celebrada o pasado 22 de decembro de 2022, aprobou as bases reguladoras da convocatoria do programa Coñece a túa provincia (anualidade 2023), o cal ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de excursións dentro da provincia de Lugo para entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e con sede no territorio provincial.

Tendo en conta que con data 9 de xaneiro de 2023, as bases reguladoras da convocatoria do programa foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 6, abríndose un prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte desta publicación para que aquelas entidades interesadas puidesen enviar a correspondente solicitude de participación.

Visto que con data 24 de xaneiro de 2023 finalizou o prazo de presentación de solicitudes por parte das entidades interesadas, sendo revisadas polo Servizo de Turismo.

Visto o informe do Servizo de Turismo con CSV IV7B63D5B4RYVLX2DTXQA32SCU no que se recolle, textualmente:

“A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión celebrada o pasado 22 de decembro de 2022, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023), o cal ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de excursións dentro da provincia de Lugo para entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e con sede no territorio provincial e que non perderan o dereito a participar na pasada edición 2022.

Con data 9 de xaneiro de 2023, as bases reguladoras e a convocatoria do programa foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 6, abríndose un prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte desta publicación para que aquelas entidades interesadas puidesen presentar a correspondente solicitude de participación.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes con data 24 de xaneiro de 2023 e comprobada a documentación achegada por 216 entidades interesadas, detéctase que unha das solicitantes, Monte Vecinal en Mano Común de Real, Rañadoiro y Agudo, con NIF E27106459,



atópase en causa de exclusión ao non cumprir o requisito sinalado na base segunda da convocatoria (ter a condición de entidade sen ánimo de lucro). Ademais, detectáronse deficiencias enmendables noutras solicitudes presentadas por dúas entidades: a Asociación Os Cangallos, con NIF G27507557, e a Asociación de Veciños de San Julián do Campo, con NIF G27418433, polo que en aplicación da base 3.4 da convocatoria procede excluír provisionalmente estas entidades e requirir que enmenden as faltas e presenten a documentación preceptiva no prazo de 10 días hábiles a contar dende a publicación da listaxe provisional no Boletín Oficial da Provincia, que terá efectos de notificación segundo o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No que respecta á orde de prelación das listaxe provisional de 136 entidades admitidas que foron incluídas na mesma (Anexo I), de acordo coa base reguladora 6.2 do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023), esta estableceuse conforme á orde de presentación das solicitudes nos correspondentes rexistros, segundo a data e a hora que figuraba na documentación e tendo en conta a seguinte orde:

- 1º) Entidades que soliciten participar no programa por primeira vez.
- 2º) Entidades que participaron no programa en anteriores edicións.

Tamén en aplicación da base 6.2, as solicitudes nas que xunto coa data non figuraba hora de entrega da documentación, caso dunha que foi presentada mediante entrega en oficina de Correos (APA del Colegio de la Asunción de Sarria, con NIF G27209501), esta considerouse entregada en último lugar na data correspondente.

No que se refire ao reconto das prazas asignadas, tomouse como referencia o número máximo de participantes que indicou cada entidade na súa solicitude, establecendo como límite o máximo de 3036 prazas ofertadas. Neste caso, na listaxe de entidades admitidas aparecen asignadas 3026 prazas, non asignando neste momento as 10 restantes ao ter solicitado o primeiro grupo que aparece na listaxe de agarda 23 prazas.

Con relación á listaxe provisional de entidades en agarda (Anexo II), na que figuran 77 entidades, e atendendo aos criterios sinalados na base reguladora 6.3, está formada na súa

totalidade por colectivos que participaron na edición 2022 do programa Coñece a túa Provincia. De ser posible dende o punto de vista organizativo, poderán terse en conta estas solicitudes no caso de que algunha das entidades seleccionadas renunciase á súa participación no programa ou no caso de que chegasen a quedar prazas vacantes durante a execución do mesmo para formar grupo, tomando como referencia o número de prazas mínimo (11) e máximo (23) indicado nas bases, así como o número de prazas solicitado polas entidades nas respectivas instancias.

Atendendo ao anteriormente indicado, recoméndase a aprobación pola Xunta de Goberno das listaxes provisionais anexas a este informe, nas que se recollen as entidades admitidas, en agarda e excluídas (sinalando debidamente neste caso a causa de exclusión atendendo ás bases da convocatoria) co fin de abrir un prazo de 10 días hábiles trala súa publicación no BOP para a presentación de alegacións e subsanar as deficiencias sinaladas. Transcorrido dito prazo sen que se teñan presentado alegacións ou subsanado as deficiencias, o acordo provisional terá carácter definitivo e procederase á súa publicación no BOP para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Unha vez aprobadas e publicadas as listaxes definitivas, o Servizo de Turismo debe proceder a contactar coas entidades que participarán no programa para a asignación das datas de realización das excursións concedidas.”

Tendo en conta o informe do Servizo de Turismo que acompaña a este expediente, así como a súa relación anexa de listaxes provisionais de entidades admitidas entidades en agarda e solicitudes excluídas para a participación no programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023), a Deputada- Delegada que subscribe,

Propón:

Que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as listaxes provisionais de 136 entidades admitidas, 77 entidades en agarda e 3 solicitudes excluídas para a participación no programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023), establecendo a prelación entre as mesmas de conformidade coa base reguladora 6.2 da convocatoria do programa.



2º.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, concedéndolles un prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte da súa publicación para formular alegacións e realizar subsanacións, de ser procedente.

3º.- O presente acordo de carácter provisional elevarase a definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións ou se produzan subsanacións e procederase á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio correspondente para o seu coñecemento aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO TEXTO DA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSA) PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE FUNCIONAMENTO DAS RUTAS FLUVIAIS DOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RÍO SIL- EMBARCADOIRO DA PONTE DO SIL) E OS PEARES (RÍO MIÑO-EMBARCADOIRO DE BELESAR POBO) NA TEMPADA 2023, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27 DE XANEIRO DE 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Turismo onde se dí:

“(…) Detectado erro material na proposta de aprobación da prórroga do encargo desta Deputación Provincial ao seu medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSA) para a realización da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (río Sil- embarcadoiro da Ponte do

Sil) e Os Peares (río Miño-embarcadoiro de Belesar Pobo) na tempada 2023, e tal como figuraba na certificación de acreditación da existencia e dispoñibilidade efectiva de medios e capacidade de execución e das prestacións parciais -emitida por Tragsa- inserida no expediente de aprobación de referencia,

Onde dí:

“(…) Certificado emitido por TRAGSA relativo á suficiencia e estrutura e medios suficientes para realizar encargo e que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para o encargo presente dun 3% (…)

Debe dicir:

“(…) Certificación de acreditación da existencia e dispoñibilidade efectiva de medios e capacidade de execución e das prestacións parciais - emitido por TRAGSA- para realizar o encargo e que o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe de colaboración estimada para este encargo mediante subcontratación do 20 % (…)

Por todo o exposto, a Deputada Delegada que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo para enmendar o erro material detectado, de tal xeito que:

Onde dicía:

“(…) Certificado emitido por TRAGSA relativo á suficiencia e estrutura e medios suficientes para realizar encargo e que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para o encargo presente dun 3% (…)

Debe dicir:



“(…) Certificación de acreditación da existencia e dispoñibilidade efectiva de medios e capacidade de execución e das prestacións parciais - emitido por TRAGSA- para realizar o encargo e que o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe de colaboración estimada para este encargo mediante subcontratación do 20 % (…):”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 11/2023-B.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 11/2023-B seguido a instancia de D. José Abuín Sanfiz “contra la desestimación por silencio administrativo de la Diputación Provincial de Lugo, de la reclamación patrimonial antes mencionada, por la cantidad de 1.200 euros, importe de los daños sufridos en el vehículo matricula LU-9464-U” , á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTO DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

Resolución do contrato para a construción dun Centro residencial no Concello da Pobra de Brollón adjudicado á entidade Sergonsa Servicios s.l.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Consta como antecedentes ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes feitos e documentos:

Con data de 12 de maio de 2022 formalizouse o contrato administrativo para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón coa entidade Sergonsa Servicios S.L.

Asinouse acta de comprobación do replanteo de data 8 de xuño de 2022, sen observacións.

Constan diversos escritos do contratista solicitando a modificación do contrato antes do seu inicio.

Asimesmo, obra no expediente, que esta administración ten requirido o inicio das obras sen que conste que se producira o mesmo.

Consta solicitude do contratista de data 21 de setembro de 2021 de suspensión indefinida da execución do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón formulada pola adjudicataria.

Consta Informe da xefa do servizo de arquitectura con CSV: IV7A6LTZF55KTXELCV6W4BTD6E, no que conclúe que non procede estimar a solicitude do contratista e se propón a resolución do contrato.



A Xunta de Goberno con data 14 de outubro de 2022 adoptou diversos acordos, entre eles e no que respecta ó asunto que se informa resolveu:

“.....

3.- Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de obras a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón adxudicado á entidade Sergonsa polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer incumprimentos, imputables ó contratista ó abeiro dá documentación obrante no expediente, resultando os mesmos o incumprimento de obrigas esenciais, que o prego configura como causa de resolución contractual .

4.- Dar trámite de audiencia a Sergonsa, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días naturais na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

5.- Finalizado o expediente de resolución iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contraditorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

.....”

Notificado o devandito acordo o 17 de outubro de 2022, o contratista remitiu alegacións con data 27 de outubro de 2022 nas que se opón á resolución contractual.

A Xunta de Goberno formulou proposta de resolución, notificada ó contratista, elevando a mesma ó Consello consultivo de Galicia, recollendo o conforme da intervención provincial con data de 22 de decembro de 2022. Dita proposta obtivo ditame favorable do Consello consultivo con data 1 de febreiro de 2023.

Téñense recibido sendos escritos de contratista e avalista fora do trámite, e do prazo conferido ó efecto, non obstante compre destacar que versan sobre cuestións alleas á causa de resolución, cuxa concorrencia foi confirmada polo Consello Consultivo,compre polo tanto continuar coa tramitación tendo por comparecido ó avalista con indicación expresa de que o expediente xunto cos informes accesibles en sede electrónica se atopa a súa disposición en

dependencias de esta administración para a obtención das copias que estime oportunas en defensa dos seus dereitos.

Resultan fundamentos xurídicos:

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das AA.PP., aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.

Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Pregos de Cláusulas Administrativas do expediente de contratación.

Regulamento Orgánico Provincial.

Considerando o anterior compre realizar as seguintes;

Consideracións xurídicas:

I.- Sobre os antecedentes e as alegacións formuladas por Sergonsa.

O relatorio dos feitos reproducidos nas alegacións debe ser rexeitado en tanto se opón á realidade obrante no expediente administrativo, compre por tanto reafirmar, que resulta probado o incumprimento primitivo do contratista da súa obriga esencial respecto do establecemento do sistema de seguimento comprometido e que este representa unha infracción dos apartado 22.2.2 do prego coas consecuencias da resolución contractual segundo o previsto no apartado 25 e 28 do PCAP e nos artigos 211 e seguintes da lei.

Con carácter xeral recórdase que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria, que o contratista ten aceptado, e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salivade ou reserva algunha...”.



Queda advertido por tanto, o carácter vinculante do prego como “*lex contractus*”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.

O contratista, nas súas alegacións, asume que se trata dunha obriga contractual pero non acerta a explicar o motivo do seu incumprimento contractual, centrando as súas alegacións na insistente idea de lograr diluír a súa baixa na licitación, mediante a aprobación dun modificado que tal e como recorda o servizo de arquitectura:

“El contratista, por su parte, valora "la modificación del contrato" en 1.730.993,50 euros (ejecución material), lo que supone un incremento de 396.120,65 euros, es decir un 29,67 %, para construir el mismo edificio descrito y valorado en el proyecto aprobado.”

Recordemos que a baixa de Sergonsa foi do 14%, (245.078,56), é dicir que está a reclamar sen xustificación técnica, xurídica, nin fáctica, un incremento do dobre da súa baixa.

Respecto das alegacións do contratista compre sinalar:

A doutrina da prelación da tramitación das causas de resolución, o artigo 211.2 da LCSP establece que, nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparecera con prioridade no tempo. O que implica que, no caso de concorrencia de varias causas de resolución do contrato, debe ser aplicada preferentemente a que se producira cronoloxicamente en primeiro lugar (en tal sentido, p. ex., ditames 466/2015, 230/2016 do Consello Consultivo de Galicia, e tamén ditame nº 108/2020). O respecto, tal e como consta no expediente a causa de resolución invocada polo contratista xa foi resolta.

Que as obrigas que se observan incumplidas, teñen carácter esencial tal e como recolle o prego:

“22.2. Condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos de resolución contractual do artigo 211.1.f, en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP:

Son condicións especiais ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo

211.1.f, en cumprimento do artigo 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

.....

2. O cumprimento das condicións ofertadas polo adxudicatario segundo os criterios de adxudicación da cláusula décimo segunda deste prego, e dicir o cumprimento do ofertado relativo a seguimento a través de imaxes, modelo BIM, redución de prazos e mellora de parámetros enerxéticos.

.....

O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais deste apartado 22.2, constitúe causa de resolución contractual, consonte co establecido no artigo 211.1, letra f), en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP.”

Visto o literal do prego e as propias alegacións do contratista, resulta claramente o incumprimento polo contratista das súas obrigas esenciais, non se esixe elemento adicional á propia vontade do cumprimento polo contratista da súa oferta.

Sergonsa, é a única obrigada pola súa propia oferta, e ademais responsable directa, por non realizar ningunha actuación tendente a execución do contrato nin ó cumprimento dos seus compromisos entre os que se atopaba o establecemento dun sistema de seguimento a través de imaxes, que non se ten implantado nin realizado ó non realizarse actividade algunha tendente o inicio da execución do contrato.

En resumo, pretende Sergonsa obviar o seu incumprimento do contrato, baixo a suposta necesidade da tramitación dun modificado, que non resolve problema algún e carece de eficacia distinta a incrementar o beneficio da contratista sen causa algunha.

Consciente do desproporcionado da súa petición e da negativa da administración a aceptar tal alteración inmotivada, pretende argumentar a favor dunha resolución imputable a administración, que xa foi desestimada, pero en nada desminte que ten incumplido as súas obrigas



esencias, e que dita infracción e inobservancia da súa oferta supoñen a causa da tramitación do presente expediente de resolución contractual.

Sergonsa, centra as súas alegacións en tres aspectos que nada teñen que ver coa causa de resolución:

1. A existencia dun correo electrónico do servizo de arquitectura que trata sobre a necesidade de modificación do contrato (que suscitou a propia Sergonsa).
2. A elaboración dun BIM de parte no que fundamenta a necesidade de modificación contractual.
3. O carácter- agora- inexecutable da obra, nos termos licitados, aceptados, formalizados e replanteados pola propia Sergonsa.

A pesar de que as alegacións versan sobre cuestións alleas a causa de resolución contractual que motivan este expediente, ós efectos da plena congruencia da resolución que se dicte, compre destacar, que foi incorporado ó expediente informe do servizo de arquitectura con csv: IV7A2D2KHNMZWSFC6Y5FAALCII, que acredita e sustenta o correcto proceder da administración, e asimismo o escaso rigor das alegacións formuladas por Sergonsa, por isto compre citar aspectos esenciais do informe que refiren:

1. Respecto do correo electrónico do servizo de arquitectura, sinala este mesmo servizo:

“Con respecto al correo electrónico de fecha 11 de julio de 2022, con el asunto "Propuesta de modificado", enviado por la Jefe del Servicio de Arquitectura, que es a su vez la Directora de las Obras y la redactora del proyecto, indicar que el asunto se refiere a la propuesta de modificado pretendido por la empresa, cuya necesidad no ha sido reconocida jamás por la Dirección de Obra.

De hecho, como se manifiesta en el cuerpo del correo, la Dirección de Obra rechaza y elimina del documento adjunto elaborado por la empresa, tanto las duplicidades de medición evidentes y descaradas, como el cambio del diseño de instalaciones como la electricidad o el saneamiento ”

.....

“Después de estudiar detenida y exhaustivamente las reclamaciones del contratista la Dirección de Obra ha concluido, desde el primer momento y así lo ha puesto por escrito en varios informes anteriores, que las diferencias de medición o la necesidad de inclusión de unidades nuevas están por debajo de los límites fijados por la Ley de Contratos de Sector Público en el artículo 242.4.ii, que hace que no tengan la consideración de modificaciones y que por tanto no sea necesaria su redacción.”

2. Respecto da elaboración do modelo BIM por parte da empresa:

“Durante la elaboración del este modelo virtual de la construcción no se mantuvo el más mínimo contacto con la proyectista que también ejerce las funciones de Dirección de Obra, de manera que los encargados de modelar hicieron la interpretación que quisieron de la documentación facilitada durante la licitación.

Pero es que a mayores la bondad, precisión, calidad de un modelo virtual de la construcción no es intrínseca por el simple hecho de serlo. Al igual que los edificios, los modelos pueden tener muy diversa calidad. El contratista basa sus reclamaciones en la supuesta bondad intrínseca de un modelo virtual de la construcción elaborado exclusivamente por el dando por indiscutible su calidad. Dicho de otro modo, puede haber tantas variaciones del modelo como intereses de las empresas licitadoras que lo elaboren.

Lo cierto es que el archivo informático que contiene el modelo non venía acompañado de ningún documento que definiese sus bases, reglas y normas internas que permitiese su manejo por otros (en este caso la Dirección de Obra), de manera que este modelo es simplemente un gran cantidad de datos sin orden y por tanto inmanejables.

Como ya queda dicho en este informe y detalladamente explicado en el informe con marca IV76LTZF55KTXELCV6W4BTD6E, la casi totalidad de las pretensiones del contratista, no necesitan apoyarse en ninguna maqueta virtual para quedar desacreditadas por absurdas y descaradas.”

3. Sergonsa argumenta que o proxecto ó que licitou e ofertou, resulta agora inexecutable, “*ab initio*” sen a súa modificación.



Respecto da dita alegación, compre sinalar e que a necesidade de modificación foi descartada polo servizo de arquitectura, debemos destacar o literal do dito informe por canto explica de xeito sinxelo e resumido as pretensións de Sergonsa e motiva a improcedencia da súa aceptación:

“Resumidamente la totalidad de sus reclamaciones, cuya inadmisibilidad quedó justificada en el informe antes citado, se pueden encuadrar en los tipos siguientes.

1.- El contratista pretende convencernos de que un problema que se resuelve desplazando tres arquetas unos centímetros para separarlas de una zapata de cimentación, necesita sustituir el diseño proyectado por otro esencialmente igual pero cambiando los nombres de las unidades, lo que le permite incrementar el importe del capítulo de Saneamiento Horizontal en casi 30.000 euros.

2.- El contratista intenta, bajo la excusa de un mejor funcionamiento, modificar el diseño de instalaciones como la eléctrica o la calefacción y el ACS, introduciendo unidades nuevas que no son exigibles normativamente para introducir precios nuevos y dejar de ejecutar unidades a precios de proyecto.

3.- El contratista intenta cobrar dos veces algunas unidades como los vidrios, las estructuras de falsos techos exteriores o fachada, afirmando que no están medidas y presupuestadas, cuando están incluidas y valoradas en las unidades de carpintería metálica, revestimientos de fachadas y falsos techos de aluminio.

4.- Por último, pretende cambios de criterio que resultan habituales, para justificar excesos de medición.”

Vistas as alegacións do contratista contra a incoación, se ratifican os feitos sinalados ó longo do expediente, e por tanto acredítase o incumprimento da obriga de carácter esencial, incumprimento que o propio contratista asume nas súas alegacións.

Procede así da cordo cos informes obrantes no expediente, resolver o contrato por culpa do contratista incumplidor “das condicións ofertadas polo adxudicatario segundo os criterios de adxudicación da cláusula décimo segunda deste prego, e dicir o cumprimento do ofertado relativo a seguimento a través de imaxes, modelo BIM, redución de prazos e mellora de parámetros enerxéticos.”

Recordemos asimesmo, que o cumprimento de dita obriga primitiva frustra de xeito claro ao contrato ó producirse no marco da mais absoluta inactividade nunha situación absoluta pasividade e inexecución material, a pesar da plena eficacia dos actos administrativos que requiran a execución do contrato ó non detectar na parcela rastro de actividade nin dos medios auxiliares que acompañan as operacións de inicio tales como casetas, grúa, vaiado etc...

II.- Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias.

Como consecuencia do anterior, e fronte a inobservancia de obrigas esenciais, sinala o prego na súa cláusula 22.2 como causa de resolución:

“O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211, letra f en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP.”

Ditos artigos sinalan:

Art. 211 f “Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigas esenciais sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos.....”

Art. 202.3 “Os pregos poderán establecer penalidades, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 192, para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírlles o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211....”

Apreciase, na opinión deste informante, que por parte do contratista se teñen incumplido as súas obrigas esenciais previstas na cláusula 22.2 e polo tanto que as mesmas constitúen en si, e causas de resolución do contrato segundo o disposto na cláusula vixésimo quinta.

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade das mesmas, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería, acordar a resolución por causa imputable o contratista cos seguintes efectos adicionais:



1. Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25, art. 110 d, 213.3 da LCSP) e 213.5 no canto se debe producir pronunciamento expreso ó respecto da procedencia de dita incautación, que neste caso se estima procedente de conformidade con consolidada xurisprudencia (SAN 4964/2012).

2. Posible Indemnización por danos e perdas, no importe que exceda a garantía incautada.

3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP), que seguirá un procedemento ó efecto.

III.- Sobre o procedemento.

Vistas as alegacións, e a plena satisfacción do iter procedimental marcado na normativa, a teor do disposto no artigo 212.1 da LCSP 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001, procede a continuación do dito expediente, solicitando ditame do Consello Consultivo, respecto da proposta de resolución cando se formule oposición por parte do contratista como ocorre neste expediente.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

IV.- O ditame favorable do consello consultivo.

Tense emitido ditame do consello consultivo favorable a resolución do expediente, o mesmo queda incorporado ó expediente e resulta accesible, para os interesados na sede electrónica <https://sede.xunta.gal/cve> co código CVE : oFR9tHqueFY1 polo que se entende pola presente, posto de manifesto xunto coa notificación do acordo que se adopte.

Dito ditame CCG 433/2022 , confirma a procedencia da resolución nos termos propostos así como as consecuencias previstas na proposta de resolución (perda da garantía , tramitación de procedemento indemnizatorio e tramitación da prohibición para contratar).

Compre recordar que neste ditame o consello consultivo ten indicado:

“Así as cousas, resulta acreditado o carácter esencial destas obrigas para os efectos da posible resolución contractual con fundamento no indicado no artigo 211.1.f) da LCSP, figurando numeradas de maneira precisa, clara e inequívoca, tal e como esixe o precepto citado.”

“.....a actitude da contratista carece de xustificación e semella responder a unha deliberada intención de obter unha modificación contractual non considerada necesaria pola administración contratante. Neste senso, a falta de inicio das obras e da colocación dos sistemas de imaxe que permitirían á Administración o control do inicio e marcha das obras, obriga expresa e claramente indicada como esencial para os efectos dunha resolución contractual no contrato asinado polas partes, debe considerarse como suficiente para fundamentar a resolución contractual proposta pola Deputación de Lugo ”

Por tanto, dacordo co ditame do Consello Consultivo, consta acreditado o incumprimento de Sergonsa e que o mesmo é circunstancia motivadora da resolución nos termos plantexados pola concorrencia de incumprimentos de obrigacións contractuais esenciais, que non poden ser cualificados doutro xeito que culpables e imputables ao contratista.

Asimesmo queda acreditado que se completou a instrución con escrupuloso respecto ao procedemento legalmente establecido, ao ser ditaminada de forma favorable a proposta de resolución adoptada por esta administración. en termos do propio ditame:

“Os requirimentos formais que rexen no procedemento de resolución de contratos foron suficientemente cumprimentados nos seus imprescindibles trámites, en especial, os que resolven a necesaria contradición propia dos expedientes desta natureza, é dicir, o circunstanciado reproche do incumprimento contractual dirixido ao contratista por parte do órgano de contratación, con cita das causas determinantes da pretendida resolución.”

Resta xa que logo a adopción da resolución do procedemento confirmando a proposta de resolución adoptada, e ditaminada.

V.- Sobre o órgano competente.



Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente, así como o ditame favorable do consello consultivo, proponho que a Xunta de Goberno, adopte o seguinte acordo:

1º.- Resolver o contrato de obra para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón adxudicado á entidade Sergonsa Servicios S.L, desestimando as alegacións formuladas polo contratista, polas causas expresadas no corpo do presente, concorrendo incumprimento con natureza de obriga esencial, ó abeiro da documentación obrante no expediente.

2º.- Notificar a presente á entidade Sergonsa Servicios S.L., así como a entidade avalista, con indicación expresa, de que o presente acto cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes, ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, se prexuízo directa ante os xulgados do contencioso-administrativo de Lugo, no prazo de dous meses.

3º.- Resolto o expediente de resolución, proceder no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.- Proceder á incautación da garantía definitiva constituída por importe de 68.285,00 €, resultan avalista Generali España SA, coa referencia de depósito na tesourería provincial 32021001990, tendo por comparecido no expediente ós efectos da obtención de copia dos documentos do expediente que estime pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.